NAIS DE TINTA: DORA E PURA VÁZQUEZ, LUZ POZO GARZA E PILAR VÁZQUEZ CUESTA

Por Carmen Blanco



O mundo cultural galaico participa en grande medida da nosa tradicional mitificación da nai prototípica, concebida como unha figura feminina á vez agarimosa e forte producto da idealización da muller rural que saca adiante a casa ou a familia en soidade ou coa compañía do home (Blanco 1995b). Con estas nosas *nais de tinta* non queremos potenciar esa mitificación tan mistificadora como calquera outra. Queremos, pola contra, chegar a coñecer de preto a vida real das mulleres galegas e a súa participación na cultura.

O unilateral enfoque androcéntico das ciencias ignorou, esqueceu ou menosprezou de xeitos varios a contribución feminina á cultura. Conscientes disto, nós queremos simplemente aproximarnos ás figuras de catro escritoras galegas moi distintas: as irmáns Dora e Pura Vázquez, a poeta e crítica Luz Pozo Garza e a profesora Pilar Vázquez Cuesta. Ao facelo gustaríanos resaltar precisamente a súa diversidade, as diferencias que as distinguen como persoas, como escritoras e como personalidades do mundo intelectual, pese a ser, como eran, por outra parte, figuras moi próximas desde o punto de vista xeracional e humano, polos contactos culturais existentes entre elas e pola amizade que as unía e as segue unindo, especialmente ao trío formado por Pura, Luz e Pilar. Con isto tratamos de desfacer o tópico que agrupa ás mulleres só polo seu sexo cunha cómoda e marxinalizadora etiqueta que nos priva da individualidade, sen negar por isto, desde logo, os rasgos xenéricos de distinto tipo que as podan unir e que xa temos tratado con anterioridade (Blanco 1991, 1991b).

Adoptamos un enfoque basicamente biográfico que complete outros estudios nosos máis estrictamente literarios sobre as mesmas autoras, porque queriamos reconstruír unhas vidas que se explicasen a si mesmas e deitasen luz sobre as obras que esas existencias xeraron. Interesábanos tamén evocar unha época escura e difícil para o desenvolvemento vital das mulleres, como foi a posguerra de Franco, que coartaba fortemente a súa liberdade amorosa e as súas posibilidades profesionais, con obstáculos legais e de presión social. E queriamos ademais facer memoria da pegada, en maior ou menor grao, dos horrores e os espantos da guerra civil nas súas propias vidas, todas elas impactadas fortemente polas negras consecuencias da contenda. Porque precisabamos mostrar a súa vontade de resistencia e superación nesas condicións adversas, para abrirse paso no campo profesional, creativo e da vida privada, tal como o fixeron, por camiños ben diferentes en cada caso.

Queriamos, en fin, facer memoria destas nosas nais intelectuais que nos precederon e das que aprendimos moitas cousas, porque sen mirar atrás non saberemos quen somos.

As catro están aínda hoxe connosco. Para que o estean sempre, eu testemuño que viviron.

DORA E PURA VÁZQUEZ: UNHA IRMANDADE LITERARIA

Dúas traxectorias vitais

As irmás Dora (Dorinda Remedios) e Pura (Carmen Purificación) Vázquez Iglesias naceron en Ourense nos anos 1913 (21-VIII) e 1918 (31-III) no barrio materno do Salto do Can e no paterno do Polvorín, respectivamente, no seo dunha familia humilde formada por Juan Antonio Vázquez Veiras, de ideas socialista, e María Iglesias Iglesias, unha muller moi relixiosa que procedía das terras de Trasalba. Debido ao traballo do pai, na fonda familiar a «Taboadesa» e logo como carteiro, en 1919 trasládanse á cidade da Coruña, onde ambas pasan parte da nenez e inician os seus estudios, primeiro na casa (o pai ensinoulle as primeiras letras a Dora e Dora a Pura) e máis tarde na Escola Normal. Un novo traslado lévaas por dous anos á vila

de Quiroga en terras lucenses, onde Dora interrompe os estudios e aprende a coser cunha modista, mentres Pura continúa na escola. En 1926 a familia volve de novo a Ourense, instalándose no barrio do Salto do Can. As referencias a este bairro ourensán son numerosas na obra das dúas escritoras; vexamos unha evocación da nenez feita por Pura:

Eu choutei pol-os agros e pol-as penas,
mañanciñas douradas, cando era nena.

Rubíalle ás mazairas cheas de froito,
ás pavías e os figos que tiñan dono...

Vivín n-unhas coviñas coas cachafullas,
e mentras que enredaba, gardaba as uvas.

Amoriñas comía dos silveirales,
e asustaba ós lagartos dos penedales.

Pelexei c-os rapaces de tod-ó barrio,
e con varas e pedras dínlles de raio.

¡As regueifas que armaba, nosa Señora...
cando non me daba por ir á escola!

Era dona e raíña cando quería,
e capitán dos pillos da compañía.

¡Salto do Can, veciño do vello Ourense!
¡Miña chouza! ¡Terriña que lembro sempre...!

(*Maturidade:* 78-79)

Xa desde a infancia contrasta o carácter tranquilo e obediente de Dora fronte ao máis inquieto e rebelde de Pura que evoca o poema devandito. Pero ambas comparten o gusto pola lectura, fomentada especialmente polo pai que era un asiduo lector: os contos tradicionais de Calleja, Selma Lagerlöf, Eduardo D' Amicis, Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela...

En Ourense Dora seguira coa aprendizaxe da costura chegando a dominar o oficio e sendo a encargada de facer a roupa para toda a familia. Pero en 1930 decide continuar os estudios: prepárase para o ingreso na carreira de maxisterio no colexio Concepción Arenal e consegue o primeiro premio. En tres anos obtén o título na Escola Normal de Ourense, onde ten como profesor a Vicente Risco, e faise mestra nos cursiños e oposición de 1933-1934, sendo destinada, despois de facer as prácticas en San Cibrán, á aldea de Teimende en Parada do Sil, onde estará dezaoito anos.

Mentres, Pura comeza o bacharelato en 1931 no instituto ourensán, onde é discípula de Ramón Otero Pedrayo e do profesor de literatura Xaime Pérez Colemán quen a animará na temperá vocación literaria que parece agromar en torno aos doce e trece anos con escritos narrativos en prosa e outros en verso, como a novela curta «La esposa niña» (Vázquez 1995: 13) ou o poema «Tras los años» dedicado ao propio instituto cando ela era aínda unha rapaza de terceiro curso en 1934. Esta vocación maniféstase firme desde o principio, pois xa enseguida ten a idea de publicar un libro e conserva de feito un caderno manuscrito de 1933-1934. A nai, que era moi severa e de mentalidade conservadora, non vía esta afección literaria da filla con moi bos ollos, pero o pai, cunha veneración progresista pola cultura, apoiaráa desde o principio, mercándolle a máquina de escribir que ela lle pide e levándolle uns primeiros poemas en castelán a *La Zarpa*. E así entre os anos 1934 e 1936 irán aparecendo con relativa regularidade nesa publicación versos casteláns primeiro e galegos despois, como, por exemplo, o titulado «La vuelta de la Fé», un dos primeiros e que mostra xa o que será ese seu lirismo exaltado da ensoñación que brota dos sentidos e do sentimento:

Cuando miro las nubes convulsas
que amenazan trueno
circundar la ciudad en tupidos
crespones etéreos...
Cuando siento del rayo que estalla
el aullido tremendo
que estremece el ambiente en temblores
de miedo ligeros;
cuando siento roncar tremebundos
huracanes fieros
y las aguas rugir, cual chacales,
con hórrido estruendo,
una súplica sube a mis labios
febriles y secos:
¡Qué tu enojo se aplaque, Dios mío,
porque tengo miedo!...

(...)

Cuando fijo en el cielo, de noche
los ojos serenos,
descansando la vista en los astros
brillantes y trémulos...
Cuando miro la pálida luna
por el firmamento
remontar los brillantes encajes
en rápido vuelo;
cuando miro la luz difundirse
la sombra sorbiendo,
y de aromas y luz difundida
la atmósfera veo...
Cuando siento en mi rostro las blandas
caricias del céfiro
cuyo aliento me envuelve y anima
con hálitos nuevos...
Oleadas de fuego me invaden

palpita mi pecho,
y en la sombra o la luz se difunde
mi espíritu enfermo.
Siento dulces y extrañas nostalgias
que yo no comprendo
y mi mente se pierde en regiones
de líricos sueños...
Y la fé vuelve a mí, y la esperana,
y en Tí espero y creo... (*La Zarpa*, 9-XII-1934).

Nesta época publica tamén colaboracións literarias no periódico ourensán *Galicia* fundado por Marcial Ginzo. De maneira que con grande precocidade se converte nunha «pequena» celebridade local.

A través precisamente do pai, amigo de Basilio Álvarez o fundador de *La Zarpa*, as irmás viven o ambiente progresista e cultural ourensán dos anos trinta. Pura, por exemplo, leva unha bandeira nunha manifestación, ten moitas das súas amizades na esquerda e é moza dun xove galeguista, Sindo Nóvoa, irmán de Severino, o presidente das Xuventudes Socialistas de Ourense. Neste mesmo tempo, Dora, que xa era mestra, é inscrita polo pai no ATEO (Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense), o sindicato socialista.

Pero o levantamento militar de 1936 vai marcar violentamente a vida da familia. Nada máis producirse a sublevación o pai, que era membro do P.S.O.E., vai á Casa do Pobo e queima as listas de afiliación. De seguida, aos poucos días do alzamento, debido á súa significación política, envíano desterrado á Guarda e alí mesmo préndeno. Estará dous anos no cárcere da Guarda e oito días no convento de San Rosendo de Celanova, logo un ano de traballo no mosteiro de Oseira e finalmente volta a Ourense para traballar no cuartel do Cumial. Ademais será destituído do seu posto de funcionario durante dezaseis anos, incorporándose de novo a Correos en 1951, gracias ás xestións da súa filla máis nova. Por outra parte, o noivo de Pura xa fora detido a mesma noite do 18 de xullo, cando os sublevados foran buscar ao seu irmán Severino, que daquela estaba agachado no monte pero que aos poucos días, ao aparecer pola cidade, sería prendido e fusilado. Ao día seguinte da detención, Sindo foi levado ao convento de Celanova onde o visitou a súa moza e onde viviu a angustia de estar na antesala da morte da que saían constantemente compañeiros para seren paseados ou fusilados. Entón, temendo pola súa vida decidiu alistarse na Lexión Estranxeira e foi enviado a Larache.

Na nova situación, durante os primeiros momentos da guerra, Pura permanece en Ourense coa nai para estar mellor comunicada co noivo, que, despois de ir á fronte e ser ferido, volta á cidade cun tempo de permiso no que poden estar xuntos. Pura e a nai cartéanse co pai gracias á solidariedade clandestina e ocúltanlle durante algún tempo a problemática situación familiar a Dora. A irmá maior continuaba na escola de Teimende e precisamente nestas circunstancias coñece ao que será o seu home, Antonio Rodríguez Vázquez, un mestre republicano destituído e fuxido que salvara a vida gracias ao crego de Parada do Sil e que procedía das terras de Sober. Mais, debido ao perigo que corría en Ourense polas ameazas falanxistas, Pura vese obrigada finalmente a marchar coa irmá para a aldea, coa dor da separación do seu noivo que xa volvera á fronte.

Nesas terras do Sil casa Dora en 1937 e ao ano seguinte nace o seu primeiro fillo, Antonio Alejo, que llo axuda a criar a súa irmá. É precisamente nestes negros anos da guerra e do retiro aldeán cando as dúas xoves, por pasar o tempo e evadirse, inician a súa peculiar irmandade literaria, escribindo en colaboración unha novela humorística en lingua castelá, sobre o tema das «solteironas». A obra titulárona *La corte de San Hilario* pero quedou inacabada e permanece inédita. Mais, pola súa parte, Pura segue facendo poemas e deste momento son algúns dos que aparecerán publicados despois da guerra no seu primeiro libro, como «O Sol y-a rosa» ou «Anduriña», que mostra xa os anceios vagabundos da escritora e a súa sensual unión coa natureza e o cosmos:

Anduriña xentí ven o aleiro
do teito da miña casiña a niñar;
tí que vés d-esas terras lonxanas
que s-erguen alén, a espaldas d-o mar...
Pousa aiquí, mensaxeira subrime,
fuxitiva do tenro piar,
fai o niño e namentras descansas,
empréstam-as áas, que quero voar...
Ir tan lonxe que terras e mares
coma puntos se perdan atrás,
e rubir mais ala das estrelas...
y-esquecendo do mund-o compás,
no infinito prender-me e com-elas
docemente nas noites brilar.
¡Mensaxeira das prumas escuras,
pousa... pousa y-empréstam-as áas...!

(*Peregrino de amor*: s.p.)

Á fin, Dora entéirase da dolorosa situación do pai e cara ao remate da guerra Pura recibe a tráxica noticia da morte do seu mozo na batalla do Ebro. O impacto do golpe é tremendo pero o coidado do sobriño aférraa á vida e vai sobrevivindo.

Xa na posguerra Dora continúa ata 1952 en Teimende, pasando estancias vacacionais en Ourense na casa paterna, onde en 1945 nace o seu segundo fillo, Abelardo. Ela, a irmá maior, é, nestes momentos de penalidades económicas, o sostén de toda a familia. Por outra parte, Pura volta á cidade natal coa nai e profundamente afectada pola morte do seu mozo. Nesa penosa situación ten que sacar forzas da dor: remata o bacharelato por libre e, seguindo o exemplo da irmá, fai nun ano a carreira de mestra para obter a continuación, en 1944, a oposición. Mais, para axudar na casa, durante este

tempo ten que compaxinar os estudios co traballo, primeiro levando a contabilidade nunha empresa e logo como caixeira na Cooperativa Orensana. Esa dupla actividade esíxelle un grande esforzo, sobre todo se temos en conta a delicada saúde que terá sempre desde nena e que na xuventude lle fará pensar nunha vida curta á que será preciso imprimir un ritmo acelerado. Con estes condicionantes, en 1945 fai as prácticas de Mestra Nacional en Chandrexa, aldea de Parada do Sil preto de onde vivía a súa irmá, e alí permanece tamén o curso seguinte, trasladándose nos dous subseguintes a Berredo, na Bola.

É nestes anos da inmediata posguerra cando Pura retoma a súa vocación literaria de preguerra publicando de novo na prensa ourensá, xa desde 1940, tanto poemas en castelán como en galego. É agora no xornal *La Región* onde aparecen estas primeiras composicións que ven a luz despois da paréntese bélica pero que algunhas delas foran escritas durante o conflicto e que logo, en moitos casos, serían recollidas en libro. Entre esas mostras, o soneto titulado «¿Quién soy? plasma de maneira moi evidente algúns dos rasgos máis característicos da subxectividade literaria da autora: a súa musa humilde, dorida e ao mesmo tempo apasionadamente ilusionada:

> ¿Quien soy?... Una mujer templada
> en la vida y sus muchas desazones
> una mujer que rima sus canciones
> en sus propias tristezas inspirada...
> De la belleza eterna enamorada,
> y eterna forjadora de ilusiones
> traduce su sentir, sin pretensiones
> en poesía humilde y descuidada...
> Una mujer que acaso haya pasado
> a veces a tu lado, por la vida
> sin que lo hayas siquiera sospechado...
> Una mujer que ha sido comprendida;
> y al corazón que ayer ha preguntado,
> envía esta respuesta agradecida...
>
> (*La Región*, 21-IV-1940)

Desta maneira, a xove escritora é unha presencia constante na cultura ourensá da inmediata posguerra, na que oficia de maneira independente nun primeiro momento, para colaborar logo co «Círculo Azor» que acabará facendo a revista *Posío* (*Posío* 1: s. p.). En 1942 aparece o seu primeiro libro, *Peregrino de amor* (Larache, s. d.), nunha peculiar edición restrinxida a dezaoito exemplares na que se recollía un conxunto de poemas casteláns e galegos reunidos e publicados en Larache por un grupo de compañeiros lexionarios do seu mozo; os artífices da edición, feita en homenaxe e lembranza do amigo morto na fronte, incluíron no apartado «Lira galaica» un poema por cada un deles e enviáronlla á autora como agasallo.

Despois desta mostra de amizade chegada desde Africa, a escritora decídese a publicar en libro e a esa insólita obra séguenlle os poemarios españois *Márgenes veladas* (Diputación de Orense, Ourense, 1944) e *En torno a la voz* (La Región, Ourense, 1948). Con estas publicacións e outras moitas espalladas pola prensa e por revistas, como *Finisterre*, *Sonata gallega*, *Posío* ou *Alba* (Alonso Girgado 1995: 37-106), dáse a coñecer no mundo literario castelán e galego e establece relacións que terán grande importancia na súa vida. Entre estas amizades destacan a de Gerardo Diego ou sobre todo a de Carmen Conde, ao igual que as que a unen ás figuras galeguistas de Otero Pedrayo, Ben-Cho-Sey, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Francisco Fernández del Riego e Manuel María. A considerable repercusión da súa obra fai tamén que en 1949 sexa nomeada correspondente da Real Academia Gallega, a proposta de Antonio Couceiro Freijomil, Leandro Carré e Francisco Vales, ao tempo que outra poetisa da súa xeración pero dunha promoción posterior, Luz Pozo Garza.

Entrementres Dora continuaba na ribeira do Sil dedicada á escola e á familia, pero animada pola irmá en 1948 publica o seu primeiro artigo no xornal compostelano *La Noche*, un escrito en castelán titulado «Riña de verano» (13-VIII-1948) ao que seguirán logo moitos máis. Esta colaboración periodística supón unha iniciación literaria pública relativamente serodia que tan só fora precedida dalgunha práctica escolar.

En xullo de 1948, fuxindo da humidade do clima galaico, Pura trasládase, por razóns de saúde, a Armuña en terras segovianas, onde estará ata o verán de 1952. Aquí fai novas amizades literarias en torno á «Casa de Amigos de Antonio Machado», entidade que chegará a editarlle dous novos libros poéticos: *Desde la niebla* (Casa de Amigos de Antonio Machado, Segovia, 1951) e *Tiempo mío* (Casa de Amigos de Antonio Machado, Segovia, 1952). Mais tamén neste período saen dúas publicacións en Madrid: *Madrugada fronda* (Colección Palma, Madrid, 1951) e outra edición de *Tiempo mío* (2ª ed., Colección Palma, Madrid, 1952). No curso 1952-1953 trasládase de novo a Oreja en Ontígola (Toledo), agora para arredarse do frío e aproximarse a Madrid, onde se instala nos dous cursos seguintes de maneira provisional, como agregada á Delegación Provincial.

Na capital do estado séntese moi a gusto, fascinada como estaba polo mundo literario madrileño. Así, asiste ás tertulias dos galegos no «Lión D'or» presididas por Ramón Cabanillas, e ás que acudían figuras como Ben-Cho-Sey, Faustino Santalices, Fermín Penzol ou Dionisio Gamallo Fierros. E frecuenta tamén as máis misceláneas do «Café Gijón», onde recorda especialmente a Camilo José Cela, Gerardo Diego, José García Nieto, Luís López Anglada, os irmáns Murciano e Leopoldo de Luis.

Como era obrigado nese ambiente, foi coñecer nas súas casas a Vicente Aleixandre e Pío Baroja, pero tamén a Concha Espina, pois mantivo unha especial relación coas mulleres literatas. De feito, visitou Velingtonia sempre coas súas íntimas amigas Carmen Conde e Amanda Junquera, e foi moitas

veces xunto a Baroja con outra amiga fraternal, a chilena Estela Corvalán. Tamén foron outras dúas mulleres as que a acompañaron a casa de Concha Espina e de Wenceslao Fernández Flórez: a traductora Consuelo Berges e a profesora Pilar Vázquez Cuesta. Ademais, Pura mantivo estreita relación cun importante grupo de escritoras, artistas, xornalistas e incluso políticas, que daquela practicaban unha certa solidariedade de sexo, concretada, entre outras actividades, en reunións periódicas para xantar no restaurante Llardy. Estas xuntanzas prolongáronse durante décadas e estaban aglutinadas en torno ás figuras de Carmen Conde, Carmen Bravo Villasante e Elena Soriano. E así, á parte da amizade permanente con Carmen Conde, Amanda Junquera (*Isabel de Ambía*) e Estela Corvalán, coñece durante estes anos, neses ou noutros encontros, a mulleres de moi diversa procedencia e condición, entre as que estaban Concha Zardoya, Marina Romero, Ana María Fagundo, Ernestina de Champourcín, Angela Figuera Aymerich, Concha Lagos, Pureza Canelo, Angelina Gatell, Elena de André, Ana Inés Bonnin, María Gracia Ifach, Pino Ojea, María Elvira Lacaci, Francisca Herrera Garrido, María Luz Morales, Julia Minguillón, Elena Quiroga, Luz Pozo Garza ou Pilar Vázquez Cuesta. E, precisamente, con estas dúas últimas será homenaxeada en 1953 polo Centro Galego de Madrid, en lembranza tamén da súa antecesora Rosalía de Castro (Blanco 1995b: 151-153). Nese mesmo ano saen dous libros novos: o seu primeiro poemario infantil, *Columpio de luna a sol* (Editorial Boris Bureba, Madrid, 1952), e a súa primeira obra íntegra en galego, *Intimas* (Colección Xistral, Lugo, 1952), publicación sorpresa para a autora que xestionaron Ramón Piñeiro e Manuel María.

Nesta época está plenamente introducida nos medios literarios imperantes e así en 1954 participa no III Congreso de Poesía, organizado en Compostela como homenaxe a Rosalía de Castro. Neste encontro, presidido por Ramón Menéndez Pidal e no que estaba presente tamén a súa compañeira galega María do Carme Kruckenberg, a propia Pura representou á poesía galega, como Clementina Arderiu á catalana e Carmen Conde á española, na lectura de poemas realizada ante a tumba da autora de *Follas novas* no convento de San Domingos de Bonaval (Vázquez 1993: 122-124; Varela Jácome 1993: 125).

Algunhas das personalidades presentes nese congreso, xunto con outras moitas, estiveron tamén na homenaxe que lle rende o Centro Galego de Barcelona á escritora ourensá en 1955, pois alí se congregaron figuras como María Luz Morales, Elisabeth Mulder, Susana March, Ana Inés Bonnin, Carles Riba, Rafael Santos Torroella, Ricardo Permanyer, Xavier Costa Clavell, Manuel Casado Nieto ou Carlos Martínez Barbeito. Nesta capital a nosa autora preséntase por dous anos consecutivos ao premio «Cidade de Barcelona», ficando as dúas veces finalista por un só voto de diferencia. A primeira vez presentou o xa citado *Tiempo mío* e na segunda ocasión, en 1955, foi premiado José Gerardo Manrique de Lara, fronte á obra de Pura *Mañana del amor* (Editorial Surco, Barcelona, 1956), que logo sería editada, con prólogo de María Luz Morales e baixo o patrocinio do Centro Galego de Barcelona. Parte do mundo cultural e político, así como a propia autora consideraron os fallos unha inxustiza obxectiva marcada pola ideoloxía do réxime, máis alá da subxectividade e da parcialidade inherente aos propios premios, e especialmente aos de creación.

En maio de 1955 marcha a Venezuela, onde residirá ata abril de 1960. Parte a esta viaxe migratoria con anceios de coñecer novas xentes e outras terras nun ambiente político máis libre e particularmente doída polo fallo do «Cidade de Barcelona». Faino tamén vencendo a forte resistencia familiar, especialmente a da súa irmá. Pero séntese arroupada pola despedida dun grupo de persoas amigas que a acompañan a coller o trasatlántico «Vera Cruz» en Vigo, entre as que se encontran Francisco Leal Ínsua, Francisco Fernández del Riego, Darío e Xosé María Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro e Eleuterio González Salgado, que fora profesor dela e era amigo do seu pai.

En Caracas traballa durante un ano no Grupo Escolar «El Libertador de Chacao», rexendo un *kindergarten*, e logo como secretaria de dirección na Escola de Periodismo da Universidade Central de Venezuela. Alí ponse en contacto coa emigración e o exilio, pois a América chega xa cun novo libro na nosa lingua editado polo Centro Galego de Buenos Aires, *Maturidade* (Editorial Galicia, Buenos Aires, 1955) e Premio Antón Villar Ponte, mais durante esta primeira estancia venezuelana publicará alí tamén dúas entregas poéticas en castelán: *Destinos* (Editorial Sucre, Caracas, 1955) e *Trece poemas a mi sombra* (Editorial Arte, Caracas, 1959). Pero xa na travesía que a levara a Venezuela tiña publicado colaboracións poéticas no diario do trasatlántico «Vera Cruz», como o fará á volta no do «Santa María».

Ao regreso instálase na casa paterna ourensá do Salto do Can, aproveitando a estancia para construír nos terreos familiares unha vivenda propia. Mentres, élle adxudicada a escola de San Pedro de Ribeira en Baños de Molgas. Neste tempo recupera a vida familiar e vólcase especialmente nas relacións recobradas dos ambientes culturais ourensáns, compostelano e madrileño, que a miman e homenaxean.

Pero en outubro de 1961 volta de novo á emigración, despois de ser despedida en Ourense por distintas personalidades artísticas e literarias da cidade (*La Noche* 6-X-1961). Nesta ocasión faino despois dunha estancia en Portugal, invitada por Manuel Oliveira Guerra, o director da revista *Céltiga* que a leva a Amarante, a Porto e a Guimarães, onde coñece a distintas personalidades do mundo das artes e das letras, como Barata Feyo, Casals Marginet, Antón Villar Ponte, Silvia Dora ou Alice Azevedo. Ao chegar, xa sen problemas por ter a nacionalidade venezuelana, ponse a traballar na Seguradora Nacional de

CONSELLO DA CULTURA GALEGA BIBLIOTECA

Venezuela, gracias á mediación de Chelo e Oscar Noya, este último fillo de Juan Noya, amigo do pai de Pura desde a súa reclusión na Guarda.

Por outra parte, desde 1953 Dora ten a súa escola en Larín (Arteixo) e a marcha de Pura sen despedida persoal da súa irmá motivará un artigo de Dora publicado en *La noche*, «La que es hermana mía» (26, X, 1961), e un conxunto de poemas a ela dedicados que se editarán máis tarde. Logo, cando en maio de 1963 volve Pura a Galicia, Dora recíbea co seu primeiro artigo en galego titulado «¡Benchegada, irmá!» (*La noche*, 30, V, 1963), que a aludida contesta cun novo escrito anunciando unha promesa que non cumprirá: «¡Será pra sempre, irmá!» (*La noche*, 4, VI, 1963). De novo en Galicia é destinada a Valdepereira en Ventosela (Ribadavia) ata agosto de 1964, en que pide traslado e adxudícanlle Mondéjar, na Alcarria, ata marzo de 1965. Neste intervalo, no ano 1963, aparece o seu segundo libro en galego: *A saudade e outros poemas* (Editorial Galaxia, Vigo, 1963).

Mais no outono de 1966, distanciada como se sente do novo ambiente literario galego e español, decide facer a súa terceira viaxe a Venezuela. Esta vez exerce por oposición o cargo de directora do Arquivo Fotográfico do Instituto Nacional de Cooperación Educativa, aínda que tan só durante o período dun ano, pois o seu delicadísimo estado de saúde obrígaa a volver. Nesta última estancia americana sae o derradeiro libro alí publicado, escrito no período 1960-1961 á volta da súa primeira viaxe: *Presencia de Venezuela* (Editorial Sucre, Caracas, 1966), editado, como a súa primeira publicación venezuelana, na Colección Lírica Hispana dirixida por dúas escritoras amigas: Conie Lobell e Jean Aristeguieta.

A experiencia migratoria de Pura non só foi un feito de grande trascendencia persoal e social para a autora, pois tivo influencias positivas tanto na súa economía como no seu prestixio literario, senón que vai ser un elemento temático fundamental da súa creación, tanto en prosa como en verso (Blanco e.p.).

Por outra parte, a emigración púxoa en contacto coa Galicia exterior, participando no nacemento da Irmandade Galega de Caracas e mantendo relacións, máis ou menos profundas, con figuras como Celso Emilio Ferreiro, Silvio Santiago, Emilio González López ou Luís Soto.

Durante os anos sesenta Dora permanece en Larín exercendo como mestra ata 1968, data na que se xubila por motivos de saúde. En 1960 obtén o terceiro premio «Casa de Galicia» de Montevideo polo traballo «Personalidade e obra de Pondal» e é seleccionada no Concurso de Cuentos Jauja por «Torbi, el leñador», publicado no diario *Libertad* de Valladolid (28-IX-1960). Igualmente, en 1963 recibe un accesit nos «Juegos Florales de Orense» polo poema «Canto a la ciudad de Orense». Ao ano seguinte publica o seu primeiro libro, un conxunto de historias santas de intencionalidade didáctico-relixiosa escritas en castelán e dirixidas á nenez: *Palma y corona* (Editorial Escuela Española, Madrid, 1964). Con posterioridade, destinado tamén ao público infantil, escribe o libro de lecturas en prosa e verso titulado *Caminos de plata y sol* (La Editora Comercial, Ourense, 1966), que non foi distribuído nas librerías.

Á súa volta, en novembro de 1967, Pura toma posesión como mestra no pobo sevillano de Marchena, onde terá escola ata agosto de 1969 en que obtén destino definitivo en Madrid no colexio público «San Cristóbal» do Parque Móbil de Ministerios. Neste lugar traballa ata a súa xubilación que se produce en 1981 cun «Voto de Gracias» da Inspección. Na capital permanecerá ata 1985 e casará en 1975 co mestre soriano Manuel Batanero Almazán.

Nesta nova etapa madrileña continúa publicando libros, tanto en galego como en castelán, de maneira individual ou en colaboración con Dora, e, aínda que seguen predominando os de carácter poético, diversifica os xéneros literarios con edicións de narrativa e teatro. En 1968 publica en solitario *Rondas de norte a sur. Versos pra os nenos da aldea* (Caixa de Aforros Provincial de Ourense, Ourense, 1968), unha obra poética infantil que contén, en realidade, tal como o seu título indica, dous libros, un en galego e outro en castelán, encabezados por unha cita de Gabriela Mistral e ilustrados por Xaime Quesada. A esta publicación séguelle o poemario galego *O desacougo* (Editorial Galaxia, Vigo, 1971) e os sonetos casteláns de *Los sueños desandados* (Editorial Comunicación Literaria de Autores, Bilbao, 1974).

En 1967 Dora, que permanecera en Larín onde escribira o groso da súa obra, xubílase por razóns de saúde e volve a Ourense para a casa que o pai lle construíra no Salto do Can. A finais dos sesenta empezará a aparecer boa parte da obra escrita en Bergantiños. Así, neste momento publica o seu primeiro libro en galego, o titulado *Un poema cada mes* (La Región, Ourense, 1969), que recompila unha serie poética aparecida con anterioridade en *Vida gallega*. Aínda que a poesía non será o xénero que máis cultive, a el pertence tamén o libro *Irmá* (La Región, Ourense, 1970), dedicado a Pura e inspirado pola súa ausencia. A continuación edita a novela *Bergantiñá* (La Región, Ourense, 1971), unha homenaxe á muller rural galega, que, seguindo unha vella corrente ideolóxica galeguista, a autora identifica co auténtico prototipo feminino galego, tal como se pode apreciar no artigo titulado precisamente «Muller galega» (*La Región*, 5, II, 70), que está en perfecta consonancia coa novela. O resto das súas obras individuais editadas nesta época está destinado especialmente ao público escolar, como ocorre coas leccións histórico-relixiosas para a escola de *Año Santo Compostelano* (Editorial Escuela Española, Madrid, 1971) coas pezas dramático-costumistas *Tres cadros de teatro galego* (La Región, Ourense, 1973) e co libro misceláneo de lecturas *Campo e mar aberto* (Editorial Celta, Lugo, 1975).

Mais nesta época é cando as dúas escritoras, alonxadas unha en Madrid e outra en Ourense, comezan a súa irmandade

literaria de tipo editorial coa obra castelá *Los poetas* (Concello de Ourense, Ourense, 1971), na que Pura colabora cos versos «Os convoco» e Dora coas prosas «Cinco poetas». Ambas series comparten moi significativamente as figuras poéticas de Rosalía de Castro, Gabriela Mistral, Manuel Curros Enríquez, Juan Ramón Jiménez e Antonio Machado, mentres que Pura céntrase a maiores en Emily Brontë, Friedich Hölderlin, Teixeira de Pascoaes, Ramón Cabanillas, Federico García Lorca e Miguel Hernández.

A irmandade editorial tivo unha especial continuidade no xénero infantil e na creación galega. Así, continúa en 1974 con dous libros infantís galegos: os poemas de *Oriolos neneiros* (La Región, Ourense, 1974) e as pezas dramáticas «O paxaro azul» de Pura e «A nena que iba á busca dun corazón» de Dora, integradas en *Monicreques* (La Región, Ourense, 1974). Máis adiante o compango volverá aparecer noutro libro de teatro, *Ronseles* (La Región, Ourense, 1980), onde se encontran as pezas «Estreliña na terra» e «O anel de pirompiña» de Pura e «Don Rato busca un obreiro» e «Xuicio no bosque ou soñar non costa nada» de Dora, que serán reunidas e traducidas, xunto coas de *Monicreques*, en *Fantasías infantiles* (La Región, Ourense, 1980).

Pero xa con anterioridade a estas últimas publicacións dramáticas, atopamos tamén esa irmandade na narrativa galega, coa publicación de *Dúas novelas galegas* (La Región, Ourense, 1978), onde se recollen «Segundo Pereira» de Pura e «Augas soltas» de Dora. E volverá a repetirse despois, dunha maneira máis imbricada, en *Viaxe ó país dos contos e da poesía* (Caixa Ourense, Ourense, 1985), xa que nesta obra alternan os poemas de Pura cos contos de Dora.

Desde finais dos anos setenta as irmás sofren a morte de familiares moi achegados: en 1978 morre o pai, ao ano seguinte o home de Dora, en 1985 o marido de Pura e en 1988 a nai. Despois do pasamento dos dous primeiros, venden as propiedades do Salto do Can e Dora e a nai trasládanse para o barrio do Couto, onde se reunirá con elas Pura a partir da súa viuvez. De maneira que na actualidade as dúas irmás permanecen xuntas no seu Ourense natal.

É esta unha nova etapa literaria na que volven editar por separado, pero na que manteñen a irmandade literaria na propia creación, a través do intercambio de citas e da mesma temática, así como no deseño da traxectoria editorial.

En 1985 ámbalas dúas publican cadanseu libro de poemas casteláns en Barcelona, en torno ao tema da morte e a memoria: *Contacto humano del recuerdo* (Ediciones Rondas, Barcelona, 1985) de Pura e *Oración junto al camino* (Ediciones Rondas, Barcelona, 1985) de Dora. E máis tarde antologarán a súa obra poética galega e castelá. Pura saca dúas escolmas nas que recolle poemas de todos os libros publicados anteriormente agás *Peregrino de amor* e *Viaxe ao país dos contos e da poesía*: *Antología. Poesía en castellano. 1944-1985* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1990) e *Antoloxía. Poesía galega* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1991). E Dora edita unha titulada *A xeito de antoloxía. Poemas inéditos e publicados en galego e castelán* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1992), que ademais dos libros de poemas publicados recolle dous inéditos, un en galego, «Carne da terra», e outro en castelán, «Recuerdos».

A partir deste momento Pura acadará un progresivo recoñecemento institucional, ao tempo que se volcará nunha nova etapa de rebordante creación literaria, especialmente poética. Así, o oito de marzo de 1992, con motivo do Día da Muller, o concello socialista de Ourense promoveu unha homenaxe a Pura Vázquez na que a autora pronunciou o discurso titulado «Mujeres a través del tiempo». Nese mesmo ano editará un libro en galego *Verbas na edra do vento* (Edicións do Castro, 1992), no que recolle un conxunto de poemas espallados por diversas publicacións, e outro en versión bilingüe, *Zodíaco* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1992), que tamén reúne versos anteriores, neste caso a serie temporal de *Vida gallega* que agora traduce ao galego. E ao ano seguinte publica *Man que escribiu no mar* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1993), un poemario de inspiración mariña dedicado a Luz Pozo e prologado por Dora, que fora escrito nese mesmo ano.

Nesta última data de 1993 recibe o Premio á Creación Feminina concedido pola Xunta de Galicia, un galardón que fora pedido de maneira pública polo Ateneo Ourensano e a título privado polas escritoras Xohana Torres e Luz Pozo. Neste mesmo ano e no seguinte, a Xunta fai dúas edicións antolóxicas e artísticas dos seus versos, ilustradas por Carlos González Villar. A primeira delas, *Ardente identidade* (Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993), é unha publicación de luxo prologada por Manuel Fraga Iribarne na que se escolman composicións dos libros galegos publicados e dos daquela inéditos «Se digo Ourense» e «Anos de navegar», escritos nese mesmo ano. Esta obra sería presentada polo propio presidente do goberno galego na cidade de Ourense nun acto celebrado o 24 de novembro de 1993 que se fixo coincidir coa entrega do Premio á Creación Feminina. A segunda escolma, titulada *A carón de min. Nova antoloxía poética* (Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994), leva prólogo de Victor Campio e antologa versos dos libros galegos publicados, xunto con outros que irán aparecendo despois e aínda outros inéditos neste momento, «Anos de navegar» e «Desmemoria-do río».

En 1994 o Concello da súa cidade natal edítalle a obra poética *Se digo Ourense* (Concello de Ourense, Ourense, 1994), cun prefacio institucional do alcalde Manuel Veiga Pombo. E nese mesmo ano outra institución da capital, o Liceo Recreo Orensano, faille unha homenaxe na que se presenta *A carón de min* e na que participa o «Grupo Dolmen», Victor Campio, Luz Pozo e eu mesma. Igualmente, ao ano seguinte, Caixa Ourense edítalle o libro *Poesía de Pura Vázquez* (Caixa Ourense, Ourense, 1995); a publicación leva un limiar de Francisco Ogando e recolle a obra galega «A idade dos mansíos me

dobrega» e a castelá «Río de la memoria», en realidade, unha recolleita de composicións publicadas en distintos medios entre 1944 e 1992.

O recoñecemento institucional continúa en 1995 coa concesión da Medalla Castelao, ao mesmo tempo que a Luz Pozo, e coa imposición do nome dela e mais da súa irmá Dora a unha rúa de Ourense situada preto do Salto do Can no que se criaron. É tamén neste ano cando aparece na colección poética «A Illa Verde» o último libro dos escritos en 1993, *Orballa en tempo lento* (Espiral Maior, A Coruña, 1995), que se presenta nun recital-conferencia organizado pola Consellería de Cultura.

En 1996 culmina ese recoñecemento institucional coa concesión do «Premio Trasalba», primeiro galardón desa índole outorgado a unha muller en competencia co sexo masculino. Con motivo da entrega fíxose unha edición especial do poemario *Maturidade* (Fundación Otero Pedrayo, Trasalba, Ourense, 1996).

Mais nos últimos anos, pese ás enfermidades, continuou escribindo, de maneira que conta nestes momentos con numerosa obra inédita, incluído un borrador das súas memorias autobiográficas titulado *Terra matria dos soños*. Entre este material inédito están ademais os poemarios *Anos de navegar* e *Desmemoriado río*, que xa apareceran antologados, e *Oigo la voz del mundo* -noutra versión titulado *Los silencios se alargan*-, escritos en 1994, así como *Todo ven desa luz*, de 1996. Mais tamén ten escrita desde hai vinte anos unha novela castelá de tema migratorio, *Los Aldán fueron a América*, que está traducindo, ou os relatos galegos *A princesa Faragulla e outros contos* e *Borboriños*.

Durante esta última etapa Dora continúa a vida retirada na súa casa e apenas escribe, pero segue preparando para publicar escritos feitos con anterioridade, que nalgúns casos traduce ao galego. Así, saca á luz un curioso libro de ensaios a xeito de semblanzas femininas de amadas famosas e parellas de amantes célebres. A obra titúlase *Mulleres amadas por grandes homes* (Edicións do Castro, Sada, 1994) e enlaza coa tradición da literatura dirixida especialmente ao público feminino. En 1995 aparece o libro de poesía relixiosa *Oración xunto ó camiño* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1995), unha traducción da obra do mesmo título publicada con anterioridade en castelán. Tamén neste ano, coincidindo coa culminación do Expediente de Honra aberto ás dúas irmás polo concello da súa cidade natal, a devandita institución edita o libro *Soñando Ourense* (Concello de Ourense, Ourense, 1995), unha escolma traducida ao galego de artigos de temática ourensá escritos en castelán e publicados con anterioridade en distintos medios entre 1957 e 1980. E en 1996 publica un novo libro de narrativa infantil, *Contos para nenas e nenos. Circo, estrelas, pinos... rosas, paxaros...* (Gráficas Gutenberg, Ourense, 1996), onde recolle dous contos editados xa con anterioridade, xunto cunha nova versión galega de «Torbi, el leñador» titulada «Piñóns de Ouro», e tres novos inéditos: «Acorrer mundo», «A roseira de Mariquiña» e «O neno e o paxaro».

Mais Dora ten, igualmente, un bo número de creación inédita, como as novelas galegas *María ou a vida pobre* e *As pontes do amor*, o libro didáctico *Ara e canta*, no que comenta poemas de autores diversos, ou numerosos contos, tanto en galego como en castelán que agrupou, xunto con algúns xa publicados, baixo os títulos «Quero contarlle ós nenos» e «Antoloxía narrativa. Relatos en distintos tempos». Así mesmo ten escrita tamén unhas memorias tituladas *¡A malpocadiña!*.

Ademais, ambas as dúas irmás contan cunha peza dramática inédita dirixida á mocidade que proxectan publicar nunha conxunta *Antoloxía de teatro Infantil e Xuvenil* xa preparada na que aparecen as obras «Tempos van e tempos veñen» de Dora e «O xantar» de Pura, ademais das súas pezas dramáticas xa coñecidas.

Unha irmandade diverxente

A traxectoria vital e intelectual das dúas escritoras evidencia a existencia dunha forza converxente entre ambas, que as mantivo profundamente próximas na distancia e as levou a unirse en momentos clave, pero que non lles impediu transitar por camiños ben diverxentes.

A irmandade de sangue, que lles levou a compartir un mesmo destino familiar, uniunas nas experiencias da nenez, da primeira mocidade, das desgracias da guerra, dos traballos e das satisfacións da crianza dos fillos, do amor de avoas, da morte dos pais ou da vellez en compañía dos últimos anos.

Compartiron tamén unha profesión e unha vocación. No exercicio da profesión docente foi Dora, a maior, a que iniciou o camiño con notable aplicación, inducida e asesorada polo pai, e a máis pequena seguiu os seus pasos, pero sen tanto interese polo estudio, ata facerse mestra. Mais na afección literaria foi Pura a que con inusitada precocidade se introduciu no mundo das letras xa na preguerra e a maior emprendeu ese camiño de maneira tardía, xa avanzada a posguerra, animada e apoiada pola irmá.

Mais tanto nas súas carreiras docentes como nas literarias representarán opcións distintas, derivadas, segundo parece, de dúas actitudes vitais ben diversas: o casamento temperá e a maternidade de Dora, así como o seu gusto pola vida familiar e retirada ou o seu apego á terra natal, fronte á asunción dolorosa da solteiría primeiro e logo ao disfrute da mesma por parte de Pura, á súa posterior voda tardía, ao seu interese pola sociedade literaria e ás súas afeccións cosmopolitas.

Dora foi unha mestra rural que botou fondas raíces nas dúas terras nas que deu clase: as ribeiras do Sil e Bergantiños, inspirándolle esta última o gusto pola obra de Eduardo Pondal e toda unha novela dedicada ás prototípicas mulleres

bergantiñás. Pola contra, Pura non tivo acougo e o seu itinerario escolar é un continuo ir e vir das pequenas aldeas de Galicia, aos pobos de Castilla e Andalucía, ata asentar de maneira definitiva en Madrid, despois das diversas experiencias profesionais da emigración venezuelana, aínda que na súa obra haxa unha constante referencia saudosa á terra orixinaria:

> Terra que non avisto nin disfroito
> senón na pumariña imaxinada,
> na froi ou na raiola engaiolada,
> noutra terra de alleo, na que loito.
>
> Peleriña de sempre agromo o froito
> de unha canción de espranza solagada,
> e vou con tres luceiros sinalada,
> beizo agromado e corazón enxoito.
>
> Raíz dourada, terra miña, lar
> e quentura soñada e benquerida
> pra onde sempre, de cote, vou ancrar.
>
> Terra de Deus, fermosa i escollida.
> Alauda dos vieiros e do mar...
> Galicia, aza de mín, alma comprida.
>
> (*A saudade e outros poemas*: 11)

Desde o punto de vista literario, Pura Vázquez chega a ser á altura case da fin de século a figura matriarcal da nosa poesía, pois é a representante máis vella e viva da Xeración do 36. E, de feito, é a súa unha traxectoria literaria profundamente marcada pola guerra e polo novo ambiente dictatorial derivado da experiencia bélica que condicionou de distinta maneira as actitudes persoais e creativas das mulleres e dos homes que quedaron en Galicia.

De espírito inquedo desde a nenez, con delicada saúde desde a adolescencia e profundamente afectada polas lóxicas consecuencias da contenda nun contorno familiar socialista e galeguista, a partir da posguerra o seu percorrido vital non vai ter acougo e o seu itinerario profesional será un continuo cambiar de destino, ata que asenta de maneira definitiva en Madrid, onde casa tardiamente, despois de tres estancias sucesivas na emigración americana.

Por outra parte, Pura volcou de cheo a súa vida na vocación literaria, dedicando a ela todas as súas forzas. E así cultivou moi diversos xéneros, desde a narrativa e o teatro ata o xornalismo, que foi en certa maneira a súa outra vocación frustrada, pero non deixa de ser fundamentalmente e por enriba de todo poetisa.

É a súa unha poesía de raigame esencialmente íntima, que brota da veta irracional e que está apegada á forza dos sentimentos, á maxia das palabras e ao pulo vagabundo dos ensoños. O seu ton é, polo tanto, basicamente lírico, emotivo e saudoso e, aínda que a dor e o desacougo están presentes, parece predominar nos seus versos unha atmósfera de soño optimista na que se canta preferentemente aquilo que merece a pena ser vivido:

> (...) cecais no fondo do meu ser, eso era o que eu desexaba, andar e rubir e vadíndome da sangue, loito, xenreira e inxusticias que me arrodearon na primeira mocedade, crear pra min e para os demais un mundo millor, mais inxel, xusto e fermoso, con afán sempre de perfeccionamento. (*Nordés* 4: 10)

A súa temática concéntrase no desacougo existencial, na saudade da terra, no sentimento de soidade, no canto exultante do amor e da natureza, na amorosa e difusa expansión panteista da vivencia de todas as cousas e na vaga ensoñación (March 1974: 252, 1989: 26; Méndez Ferrín 1984: 123; Blanco 1991: 111- 115; Noia 1992: 120; Campio 1994: 7-11).

Mentres, desde o punto de vista técnico pódense apreciar distintas etapas na súa obra, máis ligadas ao seu itinerario persoal que á evolución xeral da poesía galega ou española, aínda que tamén se deixen ver nela certas modas do momento. Con todo, de maneira sintética e seguindo unha orde cronolóxica, cómpre destacar a presencia nos seus versos de importantes pegadas clásicas, modernistas, animistas e da escrita feminina, en xeral, e algunhas concretas, entre as que se contan as de Gerardo Diego, Juan Ramón Jiménez, Vicente Aleixandre ou Gabriela Mistral, así como Antón Noriega Varela, Rosalía de Castro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Ramón Cabanillas, xunto á estética española dominante nos corenta e cincuenta e ás poéticas paisaxísticas e existencias galegas dos cincuenta, ademais do formalismo esteticista galaico dos oitenta e noventa. Mais, por enriba das múltiples influencias, sobresae o seu claro lirismo intimista da vagabunda ensoñación que brota dos sentidos e do sentimento, sempre alleo ás modas vangardistas, cultistas ou sociais:

> Fun corazón montés e mariñeiro
> amartelado na postreira estrela.
> Arela largacía e gurgullante
> na rede en moitedume do meu sangue.
>
> Madurecín con fábula e prodixios
> nas cancelas do sono engaiolada.
> Souben da anterga voz da forte Celtia
> e padecín na came as súas dores.
>
> Parín con luz e gozos corredíos
> o enxame sensitivo dos poemas (*A carón de min* 88).

A contribución da escritora ao panorama literario galego é especialmente importante pola súa creación en verso e pola súa aportación ao xénero infantil, aínda que destaque tamén na narrativa e nas colaboracións xornalísticas.

No ermo panorama das letras galegas de posguerra, a publicación do seu primeiro libro, *Peregrino de amor*, en 1942, supuxo unha das primeiras aportacións á poesía galega, que neses anos era mínima. Ten, pois, neste contexto un valor de pioneira, aínda que fose cunha obra bilingüe e unha edición non venal (Blanco 1994: 27).

Mais as súas sucesivas entregas poéticas, desde *Intimas* e *Maturidade*, ata *A saudade i outros poemas* e *O desacougo* consolidaron na posguerra unha presencia feminina que resultou ser cronoloxicamente a primeira en manifestarse cun importante peso específico despois de Rosalía de Castro e que se mantivo en modélica irmandade co canto emerxente doutras figuras máis novas como Luz Pozo Garza e Xohana Torres.

Logo, a volta a Galicia en 1985 levouna a retomar o cultivo da poesía, que abandonara durante o auxe da moda social, e a recoller en antoloxías o seu legado anterior para facelo accesible ás novas xeracións. Producto disto son os últimos libros publicados: *Antoloxía. (Poesía Galega)*, *Verbas na edra vento*, *Zodíaco*, *Man que escribiu no mar*, *Ardente identidade*, *A carón de min*, *Se digo Ourense*, «A idade dos mansíos me dobrega» en *Poesía de Pura Vázquez* e *Orballa en tempo lento*.

Ademais, as súas composicións poéticas dedicadas á nenez foron pioneiras no noso panorama cultural de posguerra e a súa aportación en cantidade e calidade a este xénero ten unha grande importancia que se ve incrementada pola escasez deste tipo de creación dedicada á infancia, á que a autora consagrou un libro bilingüe a finais dos anos sesenta, *Rondas de norte a sur. Versos pra os nenos da aldea*, e outros dous monolingües editados en coautoría coa súa irmá Dora Vázquez, *Oriolos neneiros* e *Viaxe ao país dos contos e da poesía* . Mais ao xénero infantil dedicou outras obras, editadas tamén en colaboración con Dora e que se centran no teatro: *Monicreques* e *Ronseles* (Blanco 1991: 198-204). Sen dúbida, este cultivo especial da literatura infantil está estreitamente ligado á súa profesión de mestra e a experiencias pedagóxicas concretas como a que levou a cabo en «El Libertador de Chacao» en Venezuela. E, de feito, sobre o ensino infantil e primario, así como sobre a literatura dirixida a ese público xove ten escrito numerosos artigos, especialmente na prensa americana.

Entregoulle tamén á literatura galega a novela «Segundo Pereira», unha historia realista sobre as relacións familiares no marco da Galicia rural, que veu aumentar a pouco cuantiosa narrativa de mulleres á altura do ano 1978 en que se publicou no libro titulado *Duas novelas galegas* (March 1974: 252).

Así mesmo, desde o punto de vista histórico destaca pola precocidade, pois as súas primeiras colaboracións de preguerra nos xornais ourensáns *La Zarpa* e *Galicia* inician a longa serie que a través dos anos espallaría pola prensa galega e de fóra de Galicia. Os primeiros escritos aparecidos na prensa foron poéticos, pero avanzada a posguerra deixan paso tamén a artigos e mesmo a relatos. Estas colaboracións xornalísticas multiplicáronse desde a súa estancia en Venezuela, onde a súa sinatura apareceu de maneira asídua en distintos tipos de publicacións. De feito, a súa presencia literaria esténdese polos xornais galegos *La Región* (Ourense), *La Noche* (Santiago de Compostela), *El Ideal Gallego* (A Coruña) e *La Voz de Galicia* (A Coruña); os madrileños *Informaciones* e *ABC*; os venezuelanos *El Nacional*, *El Universal* e *La Esfera* de Caracas; e o ecuatoriano *El Nacional* (Quito). E o mesmo ocorre con revistas galegas como *Finisterre* (Pontevedra-Madrid), *Sonata Gallega* (Pontevedra), *Posío* (Ourense), *Alba* (A Coruña-Vigo), *Mensajes de poesía* (Vigo), *Vamos* (Compostela), *Tapal* (Noia), *Posío. Arte y Letras* (Ourense), *Aturuxo* (Ferrol), *Vida Gallega* (Vigo-Lugo), *Nordés* (A Coruña-Vigo-A Coruña); portuguesas como *Céltiga* e *Sísifo*; españolas como *Escuela Española*, *El Magisterio Español*, *Poesía Española*, *Poesía Hispánica*, *Mundo Hispánico*, *La Estafeta Literaria* e *El Urogallo*; venezuelanas como *Tricolor*, *Elite*, *Momento*, *Páginas*, *Vida y Letras*, *Antorcha*, *Arbol de Fuego*, *Lírica Hispana*, *Poesía de Venezuela*, *Creole* e *Shell*; portorriqueñas como *Puerto Norte y Sur*; californianas como *Alalud* e italianas como *Gazetta de las Letras*.

Tal como revela esta nómina non exhaustiva da prensa na que colaborou, a autora despregou unha intensa actividade, tanto no contexto galego como no español e americano, sobre todo durante a posguerra. De todo este labor parece deducirse nun primeiro momento unha maior dedicación á cultura española, actitude que está en consonancia co seu itinerario vital por países de lingua castelá, por unha banda, e, pola outra, co maior número de libros publicados en español, todos poéticos coa única excepción das pezas de teatro incluídas en *Fantasías infantiles*: *Márgenes veladas*, *En torno a la voz*, *Madrugada fronda*, *Tiempo mío*, *Desde la niebla*, *Columpio de luna a sol*, *Mañana del amor*, *Destinos*, *Trece poemas a mi sombra*, *Presencia de Venezuela*, *Los poetas*, *Los sueños desandados*, *Contacto humano del recuerdo*, *Antología (Poesía en castellano)* e «Río de la memoria» en *Poesía de Pura Vázquez*. Mais, ultimamente, as edicións galegas, sempre cuantiosas, incrementáronse facendo prevalecer a lingua literaria galaica na que se deu a coñecer xa na preguerra e tendendo a equiparar cuantitativamente a súa producción nas dúas linguas.

Pero a actividade da escritora non se cinguiu só ás publicacións, senón que se estendeu tamén aos actos públicos e ás relacións con destacadas personalidades deses dous mundos culturais. No contexto literario español desa época de posguerra foi unha figura recoñecida pola súa cuantiosa aportación poética. E, neste sentido, foron numerosas as homenaxes que se lle tributaron en Segovia, Madrid e Barcelona e a súa presencia activa prodigouse nos actos culturais promovidos por distintas institucións, entre elas os Centros Galegos da capital do Estado e da de Cataluña (Blanco 1995: 151-153). Tamén foron moi numerosas nestes anos as relacións literarias con destacadas personalidades galegas, vascas, catalanas, andaluzas e castelás que se movían nese ambiente (Alonso

Montero 1993: 63-130), e que se viron incrementadas, a partir de 1955, cos novos contactos establecidos na emigración venezuelana, tanto con xente galega como americana, así como persoas exiliadas de España. Con posterioridade, coa súa volta a Ourense e especialmente a partir dos anos noventa, sucédense as homenaxes promovidas por distintas entidades da súa cidade natal, que en ocasións levan consigo un acto simbólico de afirmación feminina. Con estes e outros agasallos, o seu labor como escritora obterá o recoñecemento institucional, chegando a obter premios insólitos ata o momento entre as escritoras.

Como consecuencia de todo este labor, a súa presencia repítese en numerosas antoloxías de poesía española e galega, así como noutras de poesía universal infantil. Igualmente, son xa diversos os estudios que sobre ela se teñen realizado e numerosos os diccionarios, enciclopedias e repertorios histórico-literarios nos que o seu nome está presente.

Fronte á da súa irmá, a actividade literaria de Dora asenta basicamente sobre a prosa e latexa na maior parte dela unha intencionalidade didáctica que emana directamente da vocación de mestra. Na súa extensa obra, cultivou os distintos xéneros, pero dedicou unha especial atención á literarura infantil e xuvenil e ao xornalismo. Por outra parte, a diferencia da súa irmá, aínda que comezou publicando en castelán, a maior parte dos seus libros están en galego, sobre todo os máis estrictamente literarios, en consonancia tamén coa súa permanencia na terra natal.

Mentres, desde o punto de vista estilístico a súa obra destaca pola combinación do enfoque idealista co propio do realismo costumista, así como pola linguaxe clara e sinxela, centrada na expresión dos tradicionais sentimentos humanos, especialmente os que se veñen considerando femininos no sentido consuetudinario dese termo: os amores familiares, o aprecio da natureza, o esforzo e o sacrificio polos seres queridos, a confianza esperanzada no apoio divino.

O didactismo que inspira grande parte da súa obra déixase ver especialmente nos escritos dirixidos á nenez e mocidade e nos artigos xornalísticos. Á literatura infantil e xuvenil aportou creacións poéticas, narrativas e dramáticas, que contribuíron de maneira considerable á conformación deste xénero literario galego, especialmente en dous campos pouco traballados como o poético e o teatral. Pero tamén realizou misceláneos libros de lecturas, cos que se iniciou propiamente como escritora en castelán (*Palma y corona*) ou cos que se sumou ás primeiras publicacións galegas destinadas ao ensino na e da nosa lingua (*Campo e mar aberto*). Mentres, as súas colaboracións na prensa sobre os temas máis diversos da vida cotiá e do mundo literario ou incluso histórico son numerosísimas e apareceron, xunto con algúns outros escritos literarios doutro xénero, nas publicacións galegas, españolas e americanas seguintes: *La Noche*, *La Región*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Vida Gallega*, *Vagalume* de Galicia; *Arquero*, *Céltiga* de Portugal; ou *Poesía Hispánica*, *Poesía de Venezuela*, *El Universal*, *Páginas*, *Vida y Letras* de Venezuela.

Mais como escritora galega en libro iniciouse no terreo poético, coa serie paisaxística *Un poema cada mes* e coa obra *Irmá*, a plasmación literaria máis patente da forza do amor sobre a que asenta a súa irmandade con Pura. Despois da edición dos poemas relixiosos e existencias casteláns de *Oración junto al camino* nos oitenta, a súa antoloxía publicada a comezos dos noventa deunos a coñecer dous novos libro, un en cada lingua. Estas últimas publicacións veñen conformar dous conxuntos lingüístico-poéticos diferenciados que reflecten unha dicotomía de base diglósica na que a musa galega aparece apegada á terra e á natureza máis concreta e inmediata, ao amor filial e de irmandade, e á relixiosidade inxenua e popular, mentres a musa castelá reflexiona sobre a trascendencia existencial e relixiosa.

Por outra parte, a súa novelística para adultos, encádrase claramente nun costumismo exemplarizante no que, como na obra toda de Francisca Herrera Garrido, hai un canto á esforzada muller rural, que ela tan ben coñeceu na súa experiencia diaria e a través das historias reais de mulleres relatadas nas conversas femininas. Así, por exemplo, as charlas mantidas con Mari Pepa, a dona da casa que Dora tiña alugada en Larín, sobre acontecementos verídicos relativos a distintas vidas de mulleres, inspirárona de maneira moi directa á hora de escribir *Bergantiñá*.

A súa vida afastada e á marxe do mundo cultural, así como a súa figura literaria marxinal dentro dos distintos desenvolvementos estéticos dominantes e alonxada dos diversos centros editoriais, políticos e ideolóxicos definidores do canon, fan dela un prototipo da escritora feminina resistente e marxinal por antonomasia, tan abundante na historia da literatura de mulleres desde o século dezanove e que nas letras galegas se mantén aínda de maneira especial na xeración da autora.

A sinxeleza, a inxenuidade e a autenticidade do seu canto de irmandade é toda unha lección anticanónica, na que a forza do amor prima sobre o exercicio literario, aínda que nesa forza estea precisamente a orixe e a profundidade da súa creación:

> Prantemos inda máis,
> con fondura de amor
> e chama acesa.
>
> Fagamos sementeira en fondos sucos,
> que percuren celestes
> i-estrelecidos froitos.
>
> Prantemos sen folgar. Tí, nas túas leiras
> ben agromadas xa...
> Eu, nas miñas,
> ainda case que ermas... (*Irmá*: 16-17)

Pura, aínda que sexa unha escritora máis «literaria» e adaptada, nalgúns aspectos, ao mundiño cultural, recoñecerá tamén a forza matriz desta unión de irmandade, tal como mostran unhas declaracións súas dos anos sesenta:

> «Mi hermana Dora y yo, carteándonos continuamente, hemos quedado de acuerdo en publicar otro (libro) de poemas juntas, debido a nuestra afinidad y el gran cariño que nos profesamos.» (*La noche* 28-V-1963).

E, de feito, pese ás diferencias que as distancian, a compenetración e o diálogo permaneceu sempre entre as dúas coa presencia física ou a través da comunicación epistolar, na axuda vital nos momentos problemáticos, no comentario literario e na cita simbólica. As últimas publicacións de Pura, encabezadas moitas delas por palabras da irmá Dora, consolidan a irmandade, mentres permanecen xuntas, escribindo e soñando, arroupadas pola amizade, como se fosen unhas nosas irmás Brontë de Ourense, agora que se cumpriu o que quixo a creadora de *Irmá*:

> Cando sintas o coitelo da volta,
> cando volvas,
> verás agromar outra vegada a primaveira
> rexurdindo por todo...
>
> (...)
>
> Entón no membrilleiro de onda o pozo,
> de frol e sol estrelecido e cheo,
> ledosamente porémonos as dúas
> a devanar no fuxidío corazón das horas. (*Irmá*: 28-29)

LUZ POZO GARZA: O AMOR E A POESÍA

As orixes. A mariña luguesa

Luz (Dolores Elvira) Pozo Garza naceu en Ribadeo o 21 de xullo de 1922 e no barrio de Cantalarrana desta vila vivirá ata 1929, momento en que a súa familia se traslada a Viveiro seguindo ao pai, Gonzalo Pozo y Pozo, que exercerá sucesivamente como inspector veterinario nesas dúas urbes. A súa nenez transcorre, pois, na Mariña lucense onde fai os estudios primarios, que inicia na casa e logo continúa na escola ribadense dos Prieto Cussent, seguindo os costumes da época, para emprender despois a educación secundaria, examinándose por libre en Lugo. Nestas dúas vilas mariñeiras a futura escritora familiarízase co mar que a acompañará, como contorno natural, practicamente ao longo de toda a súa vida, xa sexa en terras de Lugo, Coruña ou Pontevedra.

Mais, cada unha desas urbes mariñas, na súa individualidade, deixará memoria na obra poética da futura escritora, de maneira moi significativa, primeiro nas creacións de xuventude e logo nas recuperacións nostálxicas da avanzada madurez. As vivencias orixinarias de Ribadeo están estreitamente unidas ao fluír das augas dos ríos e da chuvia. Son as doces augas fluviais, cantadas no poema dedicado ao Eo que nos anos cincuenta fora moi recitado pola radio, ou no titulado «Lavandeira», que recolle as sensacións das súas saídas a lavar no río de nena acompañando á muller que facía os traballos domésticos na casa (Pozo Garza 1994: 15-16). Na estilizada estampa imaxinista que é este último poema percibimos, máis alá das súas formas, o leve fluír de todo, a auga, o aire e o tempo, en abalo acompasado coa sensualidade erótica que move e fai discorrer a vida: a composición participa da móbil humidade panerótica orixinaria que constitúe o magma poético no que abrolla a máis profunda voz de Luz (Blanco 1991: 38):

> Lavandeira, mujer en el espejo
> reclinada a la orilla de la nube.
> Acaricias las piedras y los peces
> que vieron plenilunios en las astas
> cuando los ríos son abrevaderos.
>
> Lavandera que lavas madrugadas
> y tuerces el mandil de los crepúsculos,
> mientras las oropéndolas deslizan
> su canción como un río por el aire.
> Fresquísimas retamas amarillas
> florecen las cinturas de tu espejo
> y en el río, mujer y duro monte
> con la gracia de lluvia, van cayendo.
>
> El jilguero te moja las mañanas
> desde los verdes tojos. Por la hierba,
> gozosamente, ropas de clareo
> juegan a las parcelas matutinas.
> Las manos duplicadas en el río,
> —peces sobre los peces— lavandera,
> atenta al claro grito de los pájaros.
> Arroyos puros nacen en tu seno. (*Aturuxo* 1)

E son tamén as augas orixinarias da vida, propagadas na chuvia permanente, conducidas nos ríos e recollidas nos mares abertos, no movemento repetido e distinto dos ciclos vitais, que aparecerán moito máis tarde no poema «Primeira memoria»:

> Abrín os ollos
> e sentín a chuvia polas tempas e a nuca.
>
> Cheguei cando o silencio oscila
> para se erixir en pórtico do tempo.
> Unha forma interior compartía os movimentos
> dos astros
> e chegaban palabras,

ríos escuros de ledicia,
voces que traspasaban os muros,
navíos inocentes que fuxen nas pupilas.

Abrín os ollos
e sentín a chuvia.

Agora recordo unha praza baleira
por onde pasan ventos de saudade como unha man
coñecida e incerta.
Lémbrome das rúas sen aristas,
das pedras marcadas con líquenes,
dos vaporiños que soan nas tardes de néboa
cando fica o peirao en sombras e silencio...

(*Códice Calixtino*: 103)

Mais Ribadeo inspirou toda unha segunda parte dun libro de temática galaica que morreu antes de ver a luz: *Noticia de la tierra, ciudad de la niñez*. A el pertencen as citadas composicións sobre o Eo e «Lavandera», xunto coa titulada «El gaitero», publicada no número 3 da revista *Aturuxo*. E neste mesmo lugar de ría situará a autora o cerne da súa identidade e a clave da súa existencia:

Un río unha conciencia
un lugar imprevisto
onde pasan os intres as verbas iniciais figuras transitorias,
ondas deshabitadas.
Unha casa de pedra acordada na chuvia,
un hálito de lilas...

Aquí nacín
cando o verán percura unha certeza
no ritmo dos espacios.
Estou escrita nesta luz pensada
nesta limpa memoria
nesta liña sen sombra que decide a existencia.
(Mesmo unha mar cercada
a identidade miña). (*Códice Calixtino*: 113)

A familia paterna dos Pozo procedía de Nadela e unha irmá solteira do seu pai, Carme, foi como unha moi particular *nana* ou *ama* para Luz e a ela lle debe o contacto co galego a través de historias e cantigas (Pozo Garza 1996: 84-85). A nai, Luz Garza Feijoo Montenegro, nacera na Cañiza e vivira en Allariz, pero, debido á súa pronta orfandade materna, estudiara en distintos colexios de Vigo, Bélxica, Alemaña e Estados Unidos. Era mestra superior, dominaba o inglés e o francés, e exercera como profesora auxiliar de Taquigrafía, Mecanografía e Contabilidade na Escola Normal de Zamora. Ao casar abandonou a profesión, pero á influencia materna débese o inicio da autora na escrita familiar desde nena, pois aquela establecera o costume do intercambio de cartas en prosa ou verso e da lectura de poemas nas celebracións íntimas, e, neste sentido, temos constancia do diálogo epistolar en verso entre Luz Garza e Gonzalo Pozo durante a guerra civil (Rodríguez Fer 1994: 69-70). Igualmente, a iniciación no estudio da música foi promovida tamén pola nai, que lle fará tomar clases desde os oito anos. E outra das afeccións da escritora, o debuxo, puido ser así mesmo potenciada pola actividade artística de Luz Garza Feijoo, pintora de paisaxes e figuras tomadas do natural e executadas con técnica impresionista. Mais a vocación artística ten prolongados antecedentes na xenealoxía materna, xa que a avoa, Dolores Feijoo Montenegro, natural de Baiona, era unha escritora popular que traballaba por encargo para determinadas festas ou celebracións, e o bisavó, Vicente María Feijoo Montenegro, nacido en Allariz e médico en Baiona, foi tamén poeta e musicólogo, integrado dentro dos precursores e amigo de personalidades como Antonio Neira de Mosquera e Juan Antonio Saco e Arce (Carballo Calero 1975: 87, 118 e 791).

Neste contexto familiar no que se potencia a educación artística terá lugar a nenez e mocidade de Luz, por outra parte, unha rapaza cunha forte curiosidade intelectual, que a levaba a entusiasmarse coas clases e a ler con fruición desde moi nova, animada polo director do periódico local *Las Riberas del Eo*, que lle facilitaba os libros. No poema «Aprender a ler foi unha festa» expresará algo dese primeiro xúbilo intelectual producido pola lectura, logo compartido no amor:

Un alfabeto de colores
para aprender as palabras da tribu

Os labios que principian a balbucir
un hálito
de verbas familiares:
paxaro
luz
mamai...

E tamén un xardín de violetas
e pasionarias místicas
oreado de brisas e de pombas...

Todo vai coma o sono
que semella unha pausa na memoria

Amabas os espacios
da inocente lectura provinciana

Compartíamos páxinas e signos
os prados de altas herbas
por relatos de outono
pola índole da saudade
por entregas de lirios e paxaros

(*Prometo a flor de loto*: 69)

Mais tamén tivo a nosa autora desde nena unha grande vitalidade física que lle gustaba gastar andando en bicicleta e patinando. No poema «Evocación dun vello piano» recreará a dureza da aprendizaxe musical destes primeiros anos que lle restaba tempo á expansión máis pracenteira e doada do paseo en bicicleta ou as carreiras en grupo e que a facía chorar mentres pulsaba as teclas do piano, regalo educativo da nai:

> Aquel vello piano noite e tempo
> de madeiras exóticas que cercaban a infancia
> conserva a transparencia do primeiro Chopin
> nun reino fuxitivo onde pasan as sombras en claves
> sucesivas.
>
> O teclado sostiña a presión inocente
> dunha man coma arxila
> un hálito de lágrimas
> minúsculas
> escalas amarelas ventanas impasibles
> intervalos de sílabas
> celestes. (*Códice Calixtino*: 111)

A práctica do exercicio físico en relación co disfrute da natureza serán dúas afeccións que permanecerán sempre na escritora e que están en estreita harmonía co vitalismo e a sensualidade da súa creación poética.

Os desastres da Guerra e do exilio. Lugo e Marrocos

A raíz do levantamento militar de xullo de 1936, o pai, que fora fundador da agrupación de Viveiro do Partido Republicano Radical Socialista en 1932 e era nese momento integrante de Izquierda Republicana, foi detido, destituído do seu cargo e encarcerado finalmente en Lugo, nos sotos do edificio da emisora local de radio. Por tal motivo, en agosto dese ano a familia trasládase á capital lucense e instálase nunha fonda da rúa Bispo Aguirre, situada no mesmo edificio en que vivía o poeta Luís Pimentel. Por esa rúa pasaban os enterros e nela escoitábanse os tiros dos fusilados contra os muros do cemiterio. A escritora garda memoria da súa propia angustia de rapaza mais tamén da daquel seu testemuño inocente do poeta de *Cunetas* ferido polo terror. Esta visión espantada da adolescencia será moitos anos despois relatada en lúcida, contida e emocionada prosa no conmovedor escrito «Encontros con Luís Pimentel» (Pozo Garza 1990: s.p., 1994: 16-18) e inspiraría tamén o poema «O prisioneiro», que presenta a un home psiquicamente destrozado pola brutalidade humana:

> Apousaba na man unha meixela
> ao tempo de achegar as sombras
> sobor de esnaquizadas memorias.
>
> A vida fora unha porta abatida.
> O amor un vaso de auga derramada.
> A esperanza somentes foi eso.
> De aquel cerco pechado
> penduraba a nenez coma un pano
> rachado. Pasaban os enterros
> por dediante da casa.
> A morte coma un can
> oubeaba na noite.
>
> Nestora ten enfronte paredes de silencio
> muros definitivos
> catro esquinas hostiles cravadas na retina
> pesadelos de anguria a develar o medo
> portas xordas estrías coitelos misturados
> teitos a gravitar coma penedos
> unha xenreira torva
> un anaco de fame
> peito dun imposíbel desafío
> unha teima esmagada no teito maldicente
> a soedá dun home a rabuñar no odio.
>
> Tódalas noites todas
> o arrepío da chuvia nos ferros
> sentir o corazón chantado no valeiro
> a razón de ser home
> a sinrazón de selo. (*Concerto de outono*: 73-74)

En Lugo permanecerá a nosa autora ata fins de 1938, vivindo o medo, a inxustiza, a marxinación pero tamén a solidaridade propias da situación de guerra civil, pois, por exemplo, a futura escritora recibirá clases de violín dun profesor do Conservatorio de Oviedo represaliado, o violinista catalán Juan Frígola Palau, igual que ocorrerá na posguerra en Viveiro cunha profesora do Conservatorio de Valencia, a pianista Marina Fornes Peris. A cidade da muralla será recuperada con nostalxia na súa etapa de madurez, sempre estreitamente vencellada á figura de Pimentel e aos horrores da guerra, como ocorre co poema «Volver a Lugo cando sosega o tempo»:

> Volver a aquela primavera que fuxía das mans
> algunha verba en soedade
> algunha noite coma un sopro
> sobre das almofadas húmidas de silencio.
>
> Volver a ollada lonxe en vidas sucesivas
> nomear ese río que chamamos pasado
> a palabra inmediata que ven dunha certeza de muralla
> non poder esquencer pórticos descubertos ou azuis
> ignorados
> que foran presentidos nun poema de Luís Pimentel
> na forma de recordo que precede á existencia.
>
> (*Códice Calixtino*:109)

De fins de 1938 a 1940 a familia trasládase a Larache en Marrocos, seguindo ao pai. Ademais, en 1939, morre en Jaca o único irmán varón da escritora, Gonzalo, de ideas esquerdistas, que fora mobilizado durante a guerra. Na súa estancia marroquí, aquela continuará os estudios de bacharelato iniciados en Viveiro, facendo os cursos terceiro e cuarto no Patronato Militar. Da estancia africana lembrará con nostalxia a intensidade da luz, elemento simbólico central da súa procura poética e clave total da súa poesía última (Blanco 1991: 38 e 44-46):

> (...) a luz permite modificar a doutrina dos astros; abrir un códice pechado na noite; ser coñecemento sutil da condición suprema; trascender, tal o amor, das rúas sagradas do meu pobo; evocar a chuvia nunha praza baleira...
>
> A luz decrece e fire se morre Rosalía e queda alucinada nos ollos de Rimbaud.
>
> Tería que dicir con Víctor Hugo: «Vin a sombra, sen ollada, sen lámpada». E despois engadir: Mais a luz vai comigo. (*Códice Calixtino*: 72)

Mais este período de guerra e de exilio vai afectar moi profundamente a personalidade da rapaza que ata os catorce anos se caracterizara por unha marcada rebeldía que o levantamento e a dictadura fenderon como un machado. Mais pese a todo, na súa personalidade restará sempre unha forte inadaptación ás conveniencias sociais (*La Voz de Galicia* 24-VI-1990). Nos últimos anos no artigo titulado «Pequena memoria da guerra» ela mesma ten dado testemuño desta época de horror que trastocou o rumbo da vida social e de cada unha das existencias persoais:

> Nós, que viviamos en Marrocos, afastados da persecución franquista na península, regresabamos a Galicia. (...)
>
> (...) Para min, con 18 anos recén cumpridos, este doloroso espacio da guerra foi a paréntese dun pesadelo no que me sentía levada e traída coma un náufrago nun mar absurdo, por un destino sen razón nin sentido. Nestes catro anos de inestabilidade e desacougo, lonxe da miña estabilidade espacial e afectiva e lonxe, despois, de Galicia, o vivir era xa unha lembranza. Mentres contaba as Pléxades no ceo, regresei á terra miña igual que cando partira. Vestía a mesma mariñeira infantil penteada co flequillo na fronte, cos calcetíns brancos e zapatos de tira. As miñas amigas de Viveiro, ficaron pasmadas...
>
> (...)
>
> E na miña alma quedou indeleble a morte do noso soldado raso de vinte anos no Hospital Militar de Jaca (Huesca). Tiña seis nomes, todos de heroes. O primeiro nome era Gonzalo, que quere dicir «salvado do combate» (*Eco* 47: 84-85)

A posguerra. Viveiro e A Coruña

En 1940 a autora volve a Viveiro, onde o seu pai é reposto como inspector veterinario. Nesta xeira da inmediata posguerra continúa o ensino medio na academia de José María Casariego, onde ten entre os profesores a Ramón Villar Ponte, amigo dos seus pais. Logo, remata o bacharelato en 1944 na academia «Minerva», dirixida polo que, desde maio dese mesmo ano, vai ser o seu primeiro marido, o profesor Francisco Vázquez Ramudo, que foi alcalde da cidade vivariense nos anos cincuenta. Tamén en 1944 fai a carreira elemental de Piano e Solfeo en Madrid e, desde o casamento, imparte clases de debuxo, lingua, literatura e latín na academia familiar. En 1945 nace o seu primeiro fillo, Gonzalo, e ao ano seguinte examínase, en Coruña e Lugo, para obter o título de Maxisterio.

É precisamente nesta época cando empeza a dedicar máis atención á creación literaria que tiña cultivado, sen darlle importancia, desde nena. Así, animada polo seu amigo o profesor e erudito ribadense Dionisio Gamallo Fierros, publica os primeiros poemas no periódico local *Las Riberas del Eo*. Mais con posterioridade farao en diversos medios galegos, españois e americanos, como o xornal *La Noche* (Santiago de Compostela) ou as revistas *Poesía española* (Madrid), *Insula* (Madrid), *Alba* (Vigo), *Mensajes de poesía* (Vigo), *Aturuxo* (Ferrol), *Vida Gallega* (Vigo) ou *Alborada* (Buenos Aires), entre moitos outros. Gamallo, que era amigo da familia, manterá sempre unha estreita relación con Luz e será durante moitos anos un importante conselleiro e un propagandista da obra da autora. El orientaraa desde o principio polo camiño da poesía profundamente íntima e sentida, lonxe da declamación en procura do éxito fácil e inmediato.

Nestes anos comezan tamén as súas relacións literarias e así ten lugar o reencontro con Pimentel, que a irá visitar coa súa muller a Viveiro en 1944 (Pozo Garza 1990: s. p., 1994: 18), dándolle a coñecer á xove escritora unha nova dimensión poética que penetraba no misterio máis profundo da intimidade das cousas. Pasado o tempo, ela mesma, máis madura, adentraríase por esa pimenteliana porta aberta desde a incertidume cara á certeza da visión, tanto nos seus propios versos como nos escritos críticos dedicados ao autor de *Barco sin luces*.

Un pouco despois, en 1946, inicia o contacto epistolar co poeta Eduardo Moreiras a quen coñecerá persoalmente en 1948. É esta unha relación fundamental para a muller e para a escritora, que vai, desde este momento, a reorientar profundamente o sentido da súa vida. O diálogo entre as dúas personalidades terá ademais unhas importantes consecuencias literarias. En efecto, a prosa poética «La llamada de Danae» inspira a Eduardo a creación da revista *Mensajes de Poesía* en 1948, que no seu primeiro número recolle ese texto de Luz, xunto con outro poema dela, «La espina» (*Nordés* 17-18: 71-72). O autor de *Follas de vagar* dedícalle o primeiro poema, «Nostalxia», en 1949 e logo todo un libro que aínda permanece inédito, *Los amantes*, no que esa composición co título de «Invocación al Amor» aparece en segundo lugar (*Nordés* 17-18: 109):

Tu me has dado en tus labios sabor de estrellas.
Un rito de luz en la mañana virgen.
Sobre tu frente, claras cascaradas clamaban delirios
como brisas.
Sobre tu frente, más alta, sí, que nuestras plantas
vigilaban alas de ilusión,
nieve rubia que corona las dichas,
donde es hermoso morir lentamente o sangrar
como pájaro,
ceñidos corazones distantes latiendo.
Ahora, la luna duerme sobre las huellas que tú
dejaste.
El tiempo gana su tristeza girando,
el dolor de llegar y siempre huir en silencio,
indomado.
Un camino es solo un camino, y hasta el bosque puede
soñar sus lirios sin ventura.
Pero, tú, ven. Tu frente contra la que es lucha la
luz,
en la que solo es posible inculcar un soplo candente
de estrellas,
una lenta caricia que aplaste conmovida.
Tus ojos en los que anida feliz una memoria,
un beso de esmeralda, queman contra mi dolor.
Ven, llega, ciñe con tus brazos o hiedra amante,
colma estos ríos que ahogan duramente,
ríos de amor donde el dolor de dar fluyendo,
pasando,
es agonía, mas también un cántico,
aurora azul que lucha por brotar y no puede.

(*Nordés* 17-18: 106)

Por outra parte, ao ano seguinte do seu encontro Eduardo publicará en Vigo o primeiro libro de Luz, o poemario castelán escrito en 1947 que o ten a el como receptor implícito e que leva en portada unha viñeta de Xosé Sesto López representando a Danae: *Anfora* (Edición de autora, Vigo, 1949). O impacto desta obra vitalista, deudora, en parte, do intenso erotismo de Juana de Ibarbourou ou do pannaturismo desgarrado de Gabriela Mistral, foi grande, tanto no mundo literario español, onde Gerardo Diego fixo unha presentación entusiástica a través do xornal *A B C*, como no galego, pois a súa autora foi nomeada de inmediato correspondente da Real Academia Galega e recibiu diversas homenaxes. A composición «Reconocimiento» pode servir como mostra destas encendidas prosas poéticas que chaman á unión amorosa e que están dedicadas a Eduardo:

Me hallarás bajo vibrante pleamar de luz.

Sabrás quien soy por mi cintura de rosas fresquísimas. Por las dulces ramas arqueadas de mis brazos.

Mientras la tarde lanza su viva llamarada entre las hojas, no busques mis huellas. Que sobre orillas virginales ondeará mi planta adolescente. (*Anfora*: 19)

Pero desde este momento o poeta será o inspirador de toda a creación erótica de Luz. Ela mesma literaturiza as orixes desa súa poética amorosa na composición «Far blues» evocadora do Viveiro dos corenta:

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálxico
na noite.

Só quería saber
por qué as cordas permanecen vibrando coma labios
e que queda do diario secreto
na noite desvelada. (*Códice Calixtino*: 91)

Durante a década dos cincuenta e metade dos sesenta permanece en Viveiro, obtén a diplomatura en Piano Superior polo Conservatorio da Coruña e licénciase en Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica, na Universidade de Oviedo. En 1952 publica dous libros poéticos, un en castelán e outro en galego. O primeiro, titulado *El vagabundo* (Edición de autora, Ribadeo, 1952) e editado en Ribadeo, foi escrito dun tirón en 1950 para o Premio de Poesía Adonais e está dedicado aos escritores Gerardo Diego, Gamallo Fierros, Manuel Rabanal e Eduardo Moreiras, que acolleran moi positivamente a súa primeira obra, incluíndo ademais a xeito de prólogo o escrito «Danae» publicado polo primeiro en *A B C* a propósito de *Anfora*. Desde o punto de vista gráfico, repite na portada a viñeta de Sesto que aparecía no libro anterior e inclúe ilustracións de Urbano Lugrís. Nel a vocación andariega de Kunt Hansum únese á paixón panerórica e telúrica de Juana de Ibarbourou en versos como estes do poema «Tú en mi ciudad»:

No puedo prescindir de tu equilibrio.
Estás en mí con ademán de sangre.
Te busca la insistencia de mi mano.
Vienes rodando como piedra dulce
por todas las colinas de la tierra.
Tan despacio llegaste, tan sin verte,
como un ángel caído de puntillas.
La lluvia no perturba tus laderas
porque tú eres la lluvia más exacta.
Llegaste a mi ciudad tan sin fatiga
que todos los caminos te esperaban
y el ábside, doblaba su cintura
temiendo pasajera tu presencia.

Ya ves que no hubo víspera encendida.
Tan solo la mañana eternamente
y tú, rizando el aire como un gozo. (*El vagabundo*: 67)

O outro, *O paxaro na boca* (Xistral, Lugo, 1952), é o primeiro libro galego da autora e foi editado en Lugo na colección Xistral dirixida polo pintor e poeta Angel Johan. Nesta poesía galega, cultivada agora por influencias como a do poeta Manuel María, continúa a inspiración amorosa e o pulo panerótico, especialmente logrado no poema que dá título á obra:

> Os teus paxaros choven miudiño
> sober das miñas arbres, e tamén
> sober d-istes meus beizos, que che cantan.
> Eu fago conta de que son de terra,
> ou son unha silveira, no teu colo,
> na tua veira de aire e peixes louros.
> Recibindo o sabor da tua paisaxe
> -húmidas aves, novas, do teu peito-,
> eiquí estou, meu amor, eiquí me choves.
>
> (*O paxaro na boca*: 5)

Pero esa expansión libre da linguaxe parece mitigarse por unha maior concreción no desenvolvemento de motivos especificamente galaicos, como ocorre por exemplo en «Rapazas de Xunqueira»:

> Rapazas de Xunqueira, mesta rosa,
> froita de carne e terra madura
> antre o prefil do verde das montanas.
>
> Aínda hai ceibes cariátides lixeiras
> baixo do feixe mol, da sella nova,
> e as maus enriba, coma pombas roxas.
>
> Tedes un fogo de baraxa tola,
> mel de orioles, encetando a vida.
>
> O mesmo bailan zocas que besbellas.
>
> (*O paxaro na boca*: 14)

Por entón seguen proliferando as súas colaboracións poéticas en diversas publicacións periódicas que pertencían a libros que finalmente quedaron inéditos, pero que a autora fora anunciando primeiro en *Anfora*, onde aparecía o titulado *Al otro lado de la tarde*, e logo en *El vagabundo*, onde cita, ademais do anticipado no primeiro libro, *Noticia de la tierra*, *El soldadito* e *Niño de olor*. Moitos destes libros quedaron inacabados, outros aínda os conserva, polo menos de maneira parcial, como ocorre coa segunda parte de *Noticia de la tierra*, a titulada *Ciudad de la ninez* dedicada ao seu Ribadeo natal e da que xa falamos, pero outros foron destruídos, como aconteceu precisamente coa parte que dá nome a *Noticia de la tierra*, que trataba tópicos galaicos de temática histórica (Xelmirez, Compostela, as peregrinacións...) ou antropolóxico-folclórica que non a satisfacían. Con anterioridade este libro completo fora enviado a un concurso en Buenos Aires (Pozo Garza 1994: 16).

Paralelamente, no inicio e final de década nacen as súas fillas Mónica, en 1959, e Luz, en 1962. A espera pola chegada de Mónica e os seus primeiros meses de vida aparecen poetizados en doce composicións publicadas en *Vida gallega* no ano 1959 nas que, mes a mes, vai seguindo as vivencias da maternidade, tal como podemos ver na correspondente ao mes de «Febrero»:

> Febrero, mi corazón
> dormido bajo la nieve.
> Te vas. Yo sigo esperando.
> ¡Silencio! no se despierte.
> Dime cómo nace el tiempo
> mientras aguardo. ¿No sientes
> crecer el calor del sueño
> delirando bajo el vientre?
> Escucha toda esa luz
> que viene lejos. Enciende,
> calienta, alumbra. La llama
> milagrosa permanece.
> Aquí palpita el destello.
> Todavía no amanece.
> Febrero, contado a lumbres
> de esperanza. Quedas, vienes,
> río de mi advenimiento,
> siempre.
> Febrero, mi corazón... (*Vida gallega* 742-743)

E o nacemento da segunda filla coincide coa publicación dun novo libro en castelán de temática mariña, *Cita en el viento* (Edición de autora, Viveiro, 1962), editado en Viveiro, con debuxos de Xosé Ramón Villar Chao e dedicado de novo a Gamallo Fierros, primeiro animador e propagador principal da obra poética da nosa escritora. Este poemario evidencia claramente a vocación mariña da autora que sempre estivo en contacto co mar e que nesta época obtivo o título de patrón de embarcación. Mais, por enriba de todo é a súa resposta á convivencia de tantos anos entre as xentes enfrontadas diariamente ao mar, como mostra o primeiro poema que lle dá título, «Cita en el viento»:

> Vas con la brisa de la tarde
> hacia lo incierto,
> desde la orilla sosegada
> hasta los límites del tiempo.
> Vas hacia el mar.
> Vas como ciego,
> el corazón mojado,
> nuevo.
> La ropa azul no pesa, vuela.
> Vas a tu cita con el viento,
> húmedo de salitre,
> tierno,
> los cabellos al aire
> sobre los hombros. Dentro

el corazón al pairo,
quieto,
esperando, tendido.

Barlovento...! (*Cita en el viento*: 5)

En 1964 empeza a súa etapa coruñesa a consecuencia do traslado do domicilio familiar para A Coruña e de ter aprobado a escritora as oposicións a adxuntos de Bacharelato de Lingua e Literatura Española, que exercerá, sucesivamente, en Badajoz, Corcubión e, por fin, na capital herculina. En 1972, nunha situación de crise persoal, escribe en castelán o libro que anos despois, en 1976, sairá en edición bilingüe, *últimas palabras / verbas derradeiras* (Nordés, A Coruña, 1976), con ilustracións de Luís Seoane e Enrique Ferrer e cun prólogo do pintor e poeta Tomás Barros. Nel mostra unha poética minimalista da negatividade vital provocada polo desamor e a soidade existencial (Blanco 1991b: 28 e 30).

Precisamente neste período e con Barros codirixirá *Nordés, Revista de Poesía y Crítica*, segundo indica o seu subtítulo, aínda que, por razóns burocráticas propias da época que non lle daban autonomía á muller, figurou o citado poeta e pintor como director, ela como subdirectora, Isidro Conde como secretario e Luís Seoane como ilustrador. Nesta etapa coruñesa, que abrangue os anos 1975 e 1976, a publicación será bilingüe, centrarase fundamentalmente nunha nómina de escritores consagrados e publicará tres números, os dous primeiros con homenaxes a Castelao e Rosalía, e o terceiro dedicado ás autopoéticas. Vencelladas ao proxecto da revista, tamén nesta xeira coruñesa, aparecen as edicións de poesía e ensaio da «Colección Nordés», onde saíron as obras *últimas palabras / verbas derradeiras* da nosa autora, *Yo no sé* de María Lago, *Luz sobre la negra sombra* de Gamallo Fierros e *Sobre el origen de la corteza en los astros* de Barros. Con posteridade, en 1978, a revista editou en Edicións do Castro unha escolma poética de escritores que publicaran en *Nordés*: *Antoloxía da poesía galega actual*.

As liberdades democráticas. O amor en Vigo

A partir de 1977 a escritora vivirá en Vigo, onde exercerá como profesora agregada da súa especialidade ata que obtén a praza de catedrática en Nigrán, da que se xubila en 1987. É esta unha nova xeira que no panorama social coincide coa fin da dictadura e que no terreo persoal vén marcada por dous feitos datados en 1980: a celebración de segundas nupcias con Eduardo Moreiras e o inicio, así mesmo, dunha segunda etapa de *Nordés*.

A distancia amorosa acabará en Vigo cando Eduardo e Luz comezan a vivir xuntos. Este novo contorno mariño será o lugar privilexiado do amor: o mar de Vigo que cantara Martin Codax e que volve cantar a nosa autora na sección «En Vigo no sagrado» de *Concerto de outono* e no poema que abre *Códice Calixtino*, «Agora contemplamos a mar de Vigo»:

Amei a mar de Vigo.
Amei a luz que modifica a doctrina dos astros
a total curvatura que dá unidade ás formas
cando a badía nace cada mañá
e ti agardabas.
Foi o móvil primeiro.

Amei o espacio único
cando decrece a chuvia pola banda da Guía
e a mar indefinida -paráfrasis celeste-
pode entregar a luz.
Amei o reino onde as aves inician unha curva
melódica para morrer de amor nos outonos diáfanos
do norde.

Amei os días indecisos. Había un río inmóvil.
Aínda a ausencia implacable escribía
nunha letra miuda a nosa historia
e pechamos nun códice as derradeiras páxinas
do amor. Opera omnia.

Agora contemplamos a mar de Vigo xuntos.
Vemos caer a noite nun equilibrio ingrávido
e escoitamos a última sinfonía do crepúsculo nas avenidas
interiores dun xardín en penumbra.
Ben sei que ficarei neste sosego para sempre.
Mentres cruzamos pórticos transparentes
pontes iluminadas
espacios sucesivos
chegan coma mensaxe as horas extinguidas
no axioma da existencia.
Ben sei que ficarei neste sosego inda despois
da morte. (*Códice Calixtino*: 77-78)

Neste período vigués, a revista nacida na Coruña está dirixida pola autora en exclusiva, que se encarga tamén da súa ilustración, aínda que conservando sempre a portada realizada por Seoane para os números anteriores, e mantendo, ademais, como símbolo da nova época, o cabaliño do pintor Laxeiro que aparece nas guardas. Agora presenta unha nova estructuración en partes que comprende as seccións poéticas «A roda solar», «As lindes», «Pórtico da groria» e «Onda nova», dedicadas, respectivamente, a escritores galegos consagrados, a grandes figuras da literatura universal contemporánea, a homenaxes e a autores noveis; xunto a elas aparece a sección crítica «Ollo de vidro». O *Nordés* destes anos, subtitulado *Poesía e crítica*, caracterízase polo monolingüismo galego de base e a presencia plurilingüe; pola apertura a Portugal, á poesía máis xove de Galicia e a grandes figuras da literatura universal contemporánea; e pola importancia dada á dimensión gráfica e pictórica,

ao incluir homenaxes a artistas como Picasso, Seoane ou Lugrís, recobrar a faceta pictórica de escritores como Álvaro Cunqueiro e darlle importancia aos textos manuscritos. Cómpre sinalar ademais a presencia de Eduardo Moreiras como colaborador principal.

Paralelamente ao desenvolvemento de *Nordés* e afianzada definitivamente a escritora na literatura galega e cun dominio conseguido da linguaxe, publica dous libros de poesía na década dos oitenta e outros dous de crítica nos anos noventa. Efectivamente, en 1981 sae na Serie Liminar de Edicións do Castro o poemario *Concerto de outono* (O Castro, Sada, A Coruña, 1981) ilustrado pola propia autora e cun limiar de Eduardo Moreiras, a quen vai dedicada a obra, e en 1986 aparece na colección Leliadoura da editorial Sotelo Blanco o libro poético: *Códice Calixtino* (Sotelo Blanco, Barcelona, 1986). Estas dúas obras comparten unha palabra depurada e contida xunto cunha común poética erótica, centrada sobre a dialéctica de amor e morte, en torno da cal se artellan os motivos íntimos, existenciais e sociais (Blanco 1991b: 25-42)

Polo que se refire á crítica cómpre sinalar que, aínda que desde os anos setenta viña realizando estudios literarios sobre escritoras e escritores como Rosalía de Castro, Luís Seoane, Rafael Dieste ou Martín Codax, publicados en diversas revistas, especialmente *Grial* e a propia *Nordés*, despois da xubilación dedicou máis atención a esta faceta analítica do feito literario. Producto disto son as súas obras sobre Pimentel e Cunqueiro: *A bordo de «Barco sin luces ou o mundo poético de Luís Pimentel* (Sotelo Blanco, Barcelona, 1990) e *Alvaro Cunqueiro e «Herba aquí ou acolá»* (Galaxia, Vigo, 1991). O estudio sobre Pimentel, autor profundamente ancorado nas vivencias biográficas e poéticas da escritora, fai a constatación básica do predominio, nesa obra, da polaridade negativa, incluída na onda dunha linguaxe simbolista como manifestación dunha inquietude existencial. Destaca tamén a importancia da conciencia mítica do lugués e o seu percorrido ritual polos labirintos rosalianos, xunto á manifestación da palabra como esconxuro e á utilización de fórmulas e pautas bíblicas de prestixio (Blanco 1995: 225-227). O traballo sobre Cunqueiro, con quen a autora compartiu unha poética vitalista e íntima de sentidas referencias culturais, insiste na pluralidade de códigos incorporados en *Herba aquí ou acolá*, na combinación de intimidade e distanciamento, na metacronía, na visión fílmica de certos poemas, nos valores estilísticos das series e na relevancia expresiva do aditamento nos sintagmas.

A volta á Coruña. O recoñecemento canónico

O ano 1991 marca o comezo dunha nova etapa vital derivada, no persoal, da morte de Eduardo Moreiras e, no social, do recoñecemento oficial da súa figura literaria. Así, nesta data reedítase *Códice Calixtino* (Edicións Xerais, Vigo, 1991) na colección Biblioteca das Letras Galegas, agora ampliado con novos poemas, introducción e notas analíticas, xunto cun epílogo crítico da propia autora. A reedición está motivada pola inclusión desa obra e da súa creadora no corpus de lecturas e de figuras estudiadas dentro do programa oficial de Literatura Galega do Curso de Orientación Universitaria (Blanco 1994: 30). Foi esta unha inclusión canónica máis polémica do que o poda ser calquera outra, polo feito concreto de tratarse dunha escritora, mais o tempo foi suavizando os prexuízos viscerais acochados finalmente nas reticencias. Pero a consecuencia desta entrada no canon e da revitalización da mitoloxía creada en torno ao «Camiño de Santiago», coa que se relaciona a temática amoroso-compostelana do poemario, potenciada ademais polo propio título, a obra terá aínda tres novas reedicións na mesma editorial (1992, 1995 e 1996), ao tempo que irán saíndo distintos materiais didácticos a xeito de guías de lectura e materiais de traballo da autoría de Carmen Panero (Edicións do Cumio, Vilaboa, Pontevedra, 1993), Xosé Manuel Fernández Costas / Henrique Rabunhal (Edicións Bahia, A Coruña, 1993) e Anxos Sanmartín (Sotelo Blanco, Barcelona, 1994).

Ao recoñecemento universitario vense sumar o institucional, ao recibir na súa primeira convocatoria, nese mesmo 1991, o Premio á Creación Feminina outorgado pola Consellería de Cultura en consideración a toda a súa traxectoria literaria. Na seguinte convocatoria o galardón recaería en Xohana Torres e a continuación esas dúas autoras premiadas pediríano para a súa compañeira anterior en idade e na escritura, Pura Vázquez.

Por outra banda, a morte de Moreiras aféctaa profundamente, mais o seu inherente vitalismo e a súa concepción mística do amor, que non exclúe o corpo pero que vai máis alá da evidencia material, manteranna felizmente na existencia. Coa súa morte, o home e o poeta, amado coa forza dun sentimento que soubo sobrepasar o tempo, a distancia e as convencións máis duras, inspíralle o poemario elexíaco *Prometo a flor de loto* (Deputación da Coruña, A Coruña, 1992) co que conseguirá en 1992 o Premio de Poesía Miguel González Garcés. Nel a escritora fai reconto da vida en común da parella e prolonga o diálogo amoroso e a unión íntima apoiándose na memoria nostálxica do pasado xuntos e na pervivencia da infinitude xa por sempre coñecida «por amor / nun éxtasis de luz» (*Prometo a flor de loto*: 79). No libro dedicado «A Eduardo, in memoria» culmina a liña poética de estética clásica e filosofía platónica da autora. Esta corrente, que fora iniciada no *Concerto de outono* e continuada no *Códice Calixtino*, conforma unha erótica mística que entronca coa tradición xudeocristiá do *Cantar dos Cantares*, de Santa Teresa e San Juan, pero tamén con algunhas das máis emblemáticas creacións literarias clásicas da tradición occidental ou coas bases da mística oriental que tanto interesaba a Eduardo. Nesta última entrega o loto é punto final, cifra e emblema do centro místico, no que remata a procura de absoluto, nunha ascensión en voo interior de música e palabras ata a luz total.

Nese mesmo ano inicia unha nova xeira, a III, da revista *Nordés* co extra correspondente aos números 15-16 dedicado a sete poetas galegos da xeración dos setenta-oitenta. Os dous números seguintes da publicación conformarán tamén un especial de homenaxe a Eduardo Moreiras, que sairá en maio de 1992, ao mes de cumprirse o aniversario da súa morte. Pero en setembro de 1992 a autora traslada de novo a súa residencia á cidade da Coruña para estar máis preto do fillo e da filla que viven en Galicia, ao tempo que pasa tempadas en Irlanda, onde vive a filla maior, Mónica. Co cambio de domicilio comezará a IV xeira da revista *Nordés* nos números 19-20 aparecidos en 1993, de homenaxe a Miguel González Garcés, e que terá continuación nos 21-22 de 1995, en homenaxe a Isidro Conde.

Mais no exemplar de *Nordés* de 1993 aparece o número alfa dunha nova revista con resonancias vangardistas acochadas no seu manuelantoniano nome: *Clave orión*. E, de feito, a publicación ábrese cun texto en clave de vangarda da propia directora en homenaxe ao poeta do *Máis alá!*. O seu título é «70 mirasoles anos luz. Versión de aniversario» e leva como cita a estrofa do poema «S.O.S.» na que aparece «clave Orión», pero os seus versos crean e recrean con palabras de ruptura o seu amor de sempre:

> Calquera nacemento ave nave lumínica
> pode ser ritmo nos lameiros celestes
>
> pode ser o período da lúa
> lis lis
> por unha soa cara
>
> ou corpos desviados da sua traxectoria
> ou meu amor perdido nunha onda infinita
>
> Orión. Amor. Soedade. S.O.S.
> a contraLuz das árbores da Aloia
> a contraTempo das formas incorpóreas
>
> a contraSombra de extinguidos astros
> a contraEspacio-Parque de Castrelos
>
> perdidos heliotropos e astrolabios
>
> con vértigo celeste mesmo
> morte a padecer amor amor amor
> cara á última estrela
>
> Pido como agasallo
> unha ráfaga astral
> im.per.cep.ti.ble
> para un corpo arco iris (*Nordés* 19-20: II)

E en 1995 aparecerá xa de maneira autónoma o número 1 de *Clave Orión*, mantendo na sección «O faro extraviado» a homenaxe persoal da autora á vangarda histórica, neste caso moi especialmente a Guillaume Apollinaire e o dadá, no poema «O río Sena leva un caligrama urxente». Na estructura da publicación permanecen, ademais desa sección, as tituladas «Donas da palabra», dedicada ás mulleres, e «Prímula», para as colaboracións de noveis.

Por outra parte, nestes últimos anos noventa continúa o seu labor de ensaista e crítica literaria, participando en distintos simposios, congresos ou conferencias. Esta actividade, ademais de ficar plasmada en diversas publicacións, incluídas as revistas por ela dirixidas, concrétase moi especialmente en dous libros que desenvolven temas moi queridos de vello pola autora: Luís Seoane e Martin Codax. O primeiro, *Galicia ferida (A visión de Luis Seoane)* (Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1994), trata de dar unha visión sintética e fragmentaria a un tempo do mundo central do poeta pintor, a través dalgúns textos e debuxos clave e dos datos máis inmediatos acumulados pola autora na relación persoal dela e de Moreiras co creador de *Fardel de eisilado*. O segundo, *Ondas do mar de Vigo. Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo* (Espiral Maior, A Coruña, 1996), é un ensaio moito máis compacto que se adentra no universo inmenso e polivalente das cantigas de amigo, a partir das sete composicións de Martin Codax. As fortes conexións da propia poética de Luz coa martiniana facilitan á autora a liberdade ensaística que lle leva a abrirse polos mundos complexísimos do erotismo, dos ritos e dos mitos, buscando especialmente as súas primeiras conexións co contorno natural máis inmediato, as súas claves celtas e galaicas pero sen esquecer as súas proxeccións universais. E tendo como base uns coñecementos críticos e literarios acumulados cos anos atrévese a apuntar interesantes e atractivas hipóteses, sen dúbida arriscadas para os presupostos estrictamente científicos, como a da real autoría feminina.

Mais tamén agora a dedicación poética segue sendo central na escritora, pois conta desde 1994 cun libro inédito titulado *Vida secreta de Rosalía*, que, acompasada á da súa antecesora, vén ser a memoria da propia vida. Pero, ademais, esa memoria enlaza co seu persoal diálogo rosaliano iniciado nas «Verbas a Rosalía» de *Concerto de outono*, para entroncar moito máis directamente co baleirado subxectivo da mesma existencia persoal, coa axuda simbólica da cantora do Sar, nun polivalente e dialóxico proceso de identificación e diferenciación entre mulleres (Blanco 1992: 99-109). Mais agora neste novo falar a Rosalía a nostalxia devén inmensa e imponse a necesidade da certeza absoluta para sobrevivir, como en *Prometo a flor de loto*:

> Ya no brota la hierba, ni florece el narciso
> ni en los aires esparcen su fragancia los lirios...
>
> Rosalía

Está o xardín no tempo coma a palabra oculta
unha illa de verdade
a reserva das aves para o outono
un templo de minucias consagradas

Aquí non hai delirios de palmeiras
aquí non hai guirlandas absolutas
nin corolas nupciales nas estacións celestes
nin o fulgor divino da ave do paraíso

Hai iso si gozosas madresilvas
defendendo a inocencia para sobrevivir

Pequechos paxaros nos aleiros en sombra
que se achegan á man

Unha fonte suspensa na oscilación dos días
un rumor distendido coma unha harpa

Un lúcido silencio no tributo das aves
un xardín coma a vida

A existencia secreta dunha flor indivisa

Chegamos así á metade da década dos noventa, momento no que se consolida o recoñecemento institucional da súa figura literaria e intelectual, coa concesión en 1995 da medalla Castelao e co nomeamento en 1996 de numeraria da Real Academia Galega, pasando a ser a terceira muller que obtén este privilexio.

PILAR VÁZQUEZ CUESTA E A XENEALOXÍA FEMININA UNIVERSITARIA

De Galicia a Madrid

María Pilar África Isabel Vázquez Cuesta naceu en Chantada nunha data que, desde a perspectiva actual, semella predestinar a súa posterior lusofilia: o 25 de abril de 1926. Pertence a unha família mixta, de orixe galega por parte de pai e castelá por parte de nai.

A xinea paterna ubicábase en Chantada e, tanto o pai coma o avó exerceron unha carreira xurídica e participaron na política republicana. Daniel Vázquez Bóo, que ten unha rúa dedicada na citada vila lucense, foi avogado e participou no galeguismo provincialista, pois o propio Benito Vicetto cítao á fin da *Historia de Galicia* como inspirador das ideas de galeguidade alí expostas e del coñecemos un artigo, ao que posiblemente alude o historiador romántico, publicado en *El Heraldo Gallego* co título de «El Provincialismo». Daniel Vázquez Campo, seguindo os pasos do seu pai, exerceu a avogacía e actuou politicamente dentro da Organización Republicana Galega Autónoma e da posterior Federación Republicana Gallega, chegando a ser deputado nas constituíntes de 1931, Presidente da Deputación de Lugo e mesmo alcalde transitorio de Chantada.

A liña materna procedía de Medina de Rioseco na provincia de Valladolid e tanto a nai da escritora, Modesta Cuesta Gutiérrez, coma a súa tía Luísa están entre as primeiras universitarias españolas (Barrera Peña /López Peña 1983: 235 e 241; Varela 1986: 186). Modesta obtivo o título de Maxisterio en Valladolid con Premio Extraordinario e foi das primeiras licenciadas en Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela ou tal vez a primeira, pois aínda que a Condesa de Campo Alange cita a unha licenciada en Farmacia anterior, Monserrat Carrera, Isaura Varela no seu estudio non puido confirmar o dato (Varela 1989: 207). Luísa Cuesta Gutiérrez exerceu como mestra nun pequeno pobo da provincia de Palencia; licenciouse e doutorouse en Filosofía e Letras sección de Historia, por Valladolid, e en Dereito por Santiago de Compostela, sendo tamén a primeira muller matriculada nesa facultade (Barrera Peña / López Peña 1983: 241); atópase ademais entre as pioneiras do corpo de Bibliotecas, Arquivos e Museos, e das auxiliares e axudantes de universidade; e parece ser, de feito, a primeira profesora universitaria de Compostela.

En efecto, a partir de 1910 aparece a presencia feminina no corpo de Arquivos, Bibliotecas e Museos e entre 1913 e 1926 13 licenciadas escollen esta saída: entre elas estaría Luísa Cuesta que exerceu como tal na Biblioteca da Universidade de Santiago ata que marchou á Biblioteca Nacional de Madrid (Capel Martínez 1986: 501). Podemos lembrar tamén que durante a guerra civil foi secretaria da mesma Biblioteca Nacional, sendo director Rafael Lapesa, e que na posguerra foi expedientada e trasladada por unha tempada a Ciudad Real.

Por outra parte, dese mesmo ano de 1910 data a regulación da entrada do sexo feminino na universidade, pero foi esta unha irrupción lenta e que chegou moi serodiamente ao estamento profesoral. As afirmacións de Rosa Mª Capel segundo as cales en 1930 só fica un campo docente sen presencia feminina que é a Universidade e que continuará estándoo por algún tempo, se ben a partir desa data é posible detectar mulleres entre os Auxiliares das distintas Facultades (Capel Martínez 1986: 499), aínda que hoxe deban ser matizadas, indícannos a subsistencia no tempo dese baleiro ou polo menos o carácter excepcional da condición de profesora universitaria. Neste sentido a función de adiantada de Luísa Cuesta está clara, pois, segundo os datos de Isaura Varela, esta profesora figura entre o persoal docente da Universidade de Santiago coma Auxiliar Provisional da Facultade de Filosofía e Letras desde 1924 e coma Auxiliar Temporal de 1925 a 1927 (Varela: 185-186). Por outra parte, xa tiña sido Auxiliar Interina e Profesora Axudante na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade

de Valladolid de 1918 a 1921. A mesma estudiosa da historia da nosa universidade di tamén que durante a etapa 1900-1930 ela foi a única muller que desempeñou un cargo universitario (Varela: 185). Ademais, gracias á memoria oral que nos foi transmitida pola súa sobriña Pilar, sabemos que cando Ciríaco Pérez Bustamante nomeou axudante a esta profesora na materia de Historia de América tivo que vencer a oposición do Rector que utilizaba, en contra da docencia feminina, argumentos coma o feito de que ningún dos apóstolos que seguiran a Cristo fora muller. Mais tamén o testemuño oral deixou constancia das boas dotes pedagóxicas desta universitaria que foi profesora de personalidades coma Luís Seoane ou Santiago Montero Díaz e de mulleres coma María Ignacia Ramos ou María Tobío que durante os anos vinte se incorporaban nun grao relativamente considerable ás aulas compostelanas.

Por outra parte, Luísa Cuesta é autora dunha serie de traballos de investigación bibliográfica e histórica sobre a Universidade de Santiago, a colonización americana e a emigración galega a América. Ademais, tanto a súa vinculación coa universidade como co Seminario de Estudos Galegos fan dela a pioneira da investigación científica en Galicia e atópase entre o pequeno grupo das adiantadas que dalgunha maneira colaboraron co organismo interdisciplinar galeguista fundado no Castro de Ortoño. Entre os seus estudios podemos lembrar os seguintes: *La obra de D. Pedro de la Casa en América. Contribución al estudio de la política colonizadora de España en América durante el siglo XVI* (El Eco Franciscano, Santiago de Compostela, 1928); «Los orígenes de la Biblioteca Universitaria de Santiago» (*Boletín de la Universidad*, 1930); «La Universidad gallega. Su pasado, su presente y su porvenir» (*Boletín de la Universidad*, 1930-1931), que foi premiado no Certame do Centro Galego de Montevideo no 50 aniversario da súa fundación (1929), igual que «Galicia en la Historia de América», feito en colaboración con María Otaduy Vázquez; «La imprenta en Santiago de Compostela» (*Gutenberg Jahbuch*, 1932); «La emigración gallega a América» (*Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, IV, 1932); ou «La Residencia de estudiantes» (*Boletín de la Universidad de Compostela*, 1931-1932); «La colonización de Patagonia en el siglo XVIII. Principios jurídicos que la dirigen y condicionan» (*Boletín de la Universidad de Santiago*, 1935); *Catálogo de obras iberoamericanas y filipinas de la Biblioteca Nacional de Madrid* (Madrid, 1953), feito en colaboración con Modesta Cuesta; e *La imprenta en Salamanca*, unha investigación inédita realizada en 1960.

Mais un dos feitos da vida profesional de Luísa Cuesta que tivo maior trascendencia social foi a súa participación na delegación española da *Exposición del libro español en Buenos Aires* en xullo-agosto de 1933, en calidade de enviada do goberno español. Con este motivo viaxou á capital de Arxentina e a Montevideo, despregando unha intensa actividade cultural, na súa función de delegada, pero tamén como recitadora e conferenciante sobre as relacións entre España e América, sobre a cultura feminina e sobre o mundo bibliotecario. En certa maneira, Luísa representou en América un novo modelo de muller independente e culta consonte os valores progresistas da República que acababa de outrorgalle o dereito ao voto ao sexo feminino. Ela mesma propicia esa imaxe dando conferencias como a que versou sobre a presencia das mulleres na Exposición, onde fixo un percorrido polas escritoras españolas e arxentinas do momento, distanciándose, por exemplo, da modestia que levaba a algunhas, como Blanca de los Ríos, María Goyri ou María Martínez Sierra, a cederlles todos os méritos aos seus maridos por unhas obras feitas en colaboración. E, precisamente con este sentido de representante da xuventude intelectual feminina, foi homenaxeada durante a súa estancia en Buenos Aires: o 8 de xullo pola Comisión Protectora de la «Biblioteca América» a propósito do seu labor nesa sección da Biblioteca da Universidade de Santiago (*Crítica*, 8-VII-1933), o 5 de agosto polo Colegio de Graduados de la Facultad de Filosofía y Letras (*La nación*, 5-VIII-1933) e o 21 dese mesmo mes polo Ateneo Ibero-Americano (*La razón*, 21-VIII-1933).

Ten moito interese a memoria oral que a propia Pilar conservará destas mulleres en relación coa intrahistoria, historia cotiá ou historia privada, xa que aclara moitos aspectos do difícil acceso do sexo feminino aos distintos graos de instrucción e á educación en xeral. Neste sentido, hai datos significativos coma os alcumes de *bachillera* e *literata* que lle eran aplicados a Luísa Cuesta en Valladolid e Compostela, respectivamente, ou o feito de que tanto ela coma a súa irmá Modesta non ficaban nunca en Valladolid cos compañeiros despois da clase senón que permanecían baixo a custodia de bedeis ou decanos, mentres en Santiago os costumes eran máis libres e as relacións cos colegas menos problemáticas, aínda que non faltaban sectores católicos que, desde as denominadas «misións», condenaban a aquelas mulleres que ían cos cabelos ao vento defendendo a liberdade e que estudiaban materias tan perigosas coma a química. Na primavera de 1996 a universidade de Santiago homenaxeará a Luisa Cuesta xunto con outras pioneiras das súas aulas e a xa profesora emétita Pilar Vázquez Cuesta fará a *laudatio* da súa tía Luísa, lembrando con brillantez as anécdotas pequenas e ocultas daquela época de entusiasmo na que as mulleres pisaban por primeira vez unha das máximas institucións da sabedoría ata o momento pechada para elas.

A nosa futura escritora pasa a súa nenez en Chantada ata os cinco anos, momento en que a familia se traslada a Madrid a causa da carreira política do pai, e, aínda que estará tempadas en Galicia, non voltará a residir no país ata 1988. Desta maneira, a maior parte da súa vida transcorre na capital do estado, onde vai por primeira vez a un colexio e fai o ingreso e o primeiro curso de Bacharelato en xuño de 1936. A guerra civil solpréndea en Astorga, pois acudira alí coa súa nai para

celebrar o bautizo dun curmán mentres o pai permanecía en Madrid. A contenda separará a familia durante tres anos, ao longo dos cales Pilar, despois de pasar de Astorga a Medina de Rioseco, onde estaba a casa da avoa materna recentemente falecida, instálase finalmente en Valladolid, cidade na que a nai traballa coma manceba de farmacia e ela pode estudiar segundo, terceiro e cuarto de bacharelato.

Na posguerra franquista o pai é represaliado no campo laboral por razóns ideolóxicas e, aínda despois de morto, a familia sofre unha reclamación por responsabilidades políticas debido á alcaldía republicana de Chantada que el detentara transitoriamente. Nestes anos a autora volve a Madrid e continúa cursando o bacharelato nos institutos Lope de Vega (5º) e Beatriz Galindo (6º e 7º). Este último centro estaba dirixido pola Catedrática de Física e Química Vicenta Arnal Yarza, que con anterioridade á guerra fora profesora da Facultade de Ciencias de Zaragoza e que lles transmitía ás alumnas o seu espírito crítico e a súa esixencia intelectual, cualidades pouco comúns no ensino de posguerra. Aquí tivo entre os seus profesores ao poeta Gerardo Diego con quen aprendeu definitivamente a *escribir*, na asignatura de Historia da Lingua, e de quen recibiu con máximo aproveitamento todo un curso sobre a Xeración do 27, na disciplina de Teoría e Historia da Literatura Universal.

Precisamente nesta época encontramos a primeira referencia a Pilar Vázquez Cuesta na prensa, unha alusión que ten que ver con este seu célebre profesor e que resulta moi ilustrativa sobre a retórica visión do feminino predominante nos medios de comunicación da posguerra. A anécdota referida tivo lugar durante unha viaxe escolar por Andalucía en compañía de Gerardo Diego, na que o poeta deu unha conferencia en Sevilla á que asistiron as alumnas coas que viaxaba. E a propósito desa conferencia un xornal publicou unha nota sobre o acto na que aparece esta curiosa alusión á nosa autora:

> Turbada, perdida en el amplio sitial primero una figulina dorada semeja rayo solar proyectado hacia el iris por el que discurre el estro esplendente de Gerardo Diego. Son diecisiete primaveras cultivadas por el vate en la mejor de sus alumnas. (*El Correo de Andalucía*, 2-XI-1943).

Sen dúbida o maxisterio de Gerardo Diego veu afianzar na nosa escritora unha afección literaria temperá, propiciada así mesmo polo ambiente familiar que bocexamos con anterioridade. De feito, nos períodos vacacionais que nos anos da inmediata posguerra pasou en León con parentes da nai, frecuentaba asiduamente a biblioteca da Fundación Azcárate dirixida polo sacerdote Antonio González de Lama e alí entrou en contacto, entre outros, cos escritores Eugenio de Nora, Victoriano Cremer e Josefina Rodríguez (logo Josefina Aldecoa) cos que formou a tertulia na que nacería *Espadaña* (1944). Nesta revista tremendista-existencial, que se sumou co seu antigarcilasismo á denominada *poesía desarraigada*, foi precisamente onde Pilar Vázquez Cuesta publicou, aos dezaoito anos, o seu primeiro poema, ao que logo seguirían outros tamén de propia autoría, así como as súas primeiras traduccións ao castelán de versos de Miguel Torga.

De feito, no número catro de *Espadaña* (León, VII-1944), na sección «Con paso seguro» aparece o seu primeiro poema publicado: «Paralela angustia». E en números sucesivos publicará outros que dan conta desta súa primeira vocación poética que se prolongará no tempo máis alá da fin da súa etapa de estudiante universitaria: «Carretera» (*Espadaña* 6, VIII-1944), «Sonaron pasos en mi escalera y tu no eras...» (*Espadaña* 11, 1945), «Primer amor» (*Espadaña* 26, 1947), «El libro del expatriado» (*Espadaña* 29, 1947) e «Juventud» (*Espadaña* 44, 1950).

Mais esta presencia literaria non se reducirá só á revista leonesa, pois tamén publicará versos seus en anos sucesivos a revista *Acanto*, suplemento madrileño de *Cuadernos de Literatura*: «Para Mañana» (*Acanto* 4, IV-1947) e «De Nuevo» (*Acanto* 12, XII-1947). Así mesmo, na publicación ourensá *Posío* dirixida por José Luís Varela, que será compañeiro de curso da nosa autora na universidade, aparecerá o poema «Lluvia» (*Posío* 3, 1946), e máis tarde encontraremos tres composicións na madrileña *Poesía Española*: «Poza», «No es eterna la rosa» e «Morir con la vida en los brazos» (*Poesía Española* 7, VII-1953).

Despois de terminado o Bacharelato con Premio Extraordinario, matriculouse na Facultade de Filosofía e Letras e licenciouse na sección de Filoloxía Moderna en 1946, tamén coa máxima cualificación. Nesta etapa universitaria tivo profesores coma o helenista Francisco Rodríguez Adrados, o medievalista Francisco López Estrada e o poeta e filólogo Dámaso Alonso, e viviu o ambiente cultural madrileño, especialmente o do Ateneo e outros círculos literarios.

A elección do Portugués como optativo na asignatura de Filoloxía Románica de 5º curso é o seu primeiro contacto co mundo luso, pero a este sumarase toda unha cadea de feitos que irán conformando a súa vocación definitiva. Efectivamente, de maneira inmediata, en 1946, foille concedida unha bolsa do Instituto para a Alta Cultura de Portugal para asistir a un curso na Universidade de Coimbra, ao que acudiu tamén a escritora Carmen Martín Gaite desde Salamanca. Ao ano seguinte, o antropólogo Antonio Jorge Días, que era lector de portugués na facultade madrileña, nomeouna axudante, púxoa en contacto con Miguel Torga e propúxolle o tema da tese, que non presentaría como tal ata 1961: «El concepto de España y de los españoles en la literatura portuguesa de los siglos XIX y XX». Deste modo, en 1947, a autora aparece xa situada no mundo universitario, centrada no estudio da literatura portuguesa e preocupada polas relacións hispano-lusas, aínda que o seu panorama laboral non sexa todavía estable.

Estes contactos ibéricos conlevan a súa presencia literaria en revistas portuguesas que publican traduccións de poemas

seus. E así, na lisboeta *Brisa* (4-5, 1947) apareceu «O livro do exiliado» e na coimbrense *Vértice* (104, IV-1952) atopamos unha presentación e os poemas «Juventud» e «Exhortación» en versión española e portuguesa. Por outra parte, tal como apuntamos, as primeiras traduccións do portugués feitas pola escritora ven a luz en *Espadaña* e na revista alacantina *Verbo*: «Miguel Torga: Poemas Ibéricos» (*Espadaña* 43, 1949), «Miguel Torga: Renuevo» (*Espadaña* 46, 1950) e «Miguel Torga: El Señor Estrella y su mujer» (*Verbo*, 15, 1949).

Mais a vocación lusitanista agroma nestes anos superpoñéndose a outra máis antiga, a biblitecaria, que a acompañou desde a nenez, alimentada polo exemplo da súa tía Luísa, e que durante as décadas dos corenta e cincuenta vai levar á práctica. De feito, tiña realizado numerosas actividades relacionadas cos fondos bibliográficos españois e americanos. En 1940 fóralle outorgado un voto de gracias polo Director da Biblioteca Nacional de Madrid pola súa colaboración na formación das Bibliotecas de Cárceres. Así mesmo, obtén por oposición a praza de Oficial de Arquivos, Bibliotecas, Museos e Hemeroteca do Concello de Madrid e na Bibliteca Municipal desta capital traballa de 1949 a 1957, pois neste último ano casa e, de acordo coas leis sexistas vixentes, ten que pedir obrigatoriamente a excedencia. Por outra parte, en 1951 fora nomeada Membro da Comisión Organizadora da I Exposición de Bibliotecas Privadas Infantís promovida pola Asociación Nacional de Arquiveiros Bibliotecarios e Arqueólogos, así coma representante da Dirección Xeral de Arquivos e Bibliotecas para promover o intercambio de publicacións entre ese organismo e as institucións oficiais brasileiras e uruguaias. E en 1956 será nomeada Catedrática-Bibliotecaria da Escola Central Superior de Comercio.

Por outra parte, de maneira paralela, neste período é profesora encargada da Cátedra de Portugués na Escola Central Superior de Comercio de 1948 a 1956, momento en que obtén por oposición esa mesma cátedra que exercerá ata 1973; así convértese na primeira Catedrática de Portugués do Estado nas Escolas antecedentes das actuais Facultades de Empresariais. Ao mesmo tempo, compaxina estas actividades con Axudantías intermitentes na Facultade de Filosofía e Letras que se farán continuadas a partir de 1957, cando é nomeada encargada provisional de Adxuntía, posto que exercerá ata 1962 pois nese ano obtén a Adxuntía por concurso-oposición.

Como é lóxico, durante esta xeira necesariamente polifacética multiplícanse as publicacións de distinto tipo: traduccións castelás do portugués e do brasileiro, non só de temas literarios; traballos sobre literatura e filoloxía españolas ou sobre biblioteconomía; e estudios de lingua e literatura luso-brasileiras. De todos os xeitos, predomina xa a especialización lingüística e literaria luso-brasileira. Entre os libros desta temática destaca especialmente a *Gramática Portuguesa* (Ricardo Aguilera, Madrid, 1949; 2ª ed. Gredos, Madrid, 1961), feita en colaboración con Maria Albertina Mendes da Luz, xunto ás edicións e traduccións pioneiras de *Tres poetas del Brasil: Bandeira, Drummond, Schmidt* (Edición de Autor, Madrid, 1950), con Leônidas e Vicente Sobrino Porto; das obras de Miguel Torga *Cuentos de Tras-os Montes* (La Botella en el Mar, Madrid, 1951) e *Antología Poética* (Rialp, Madrid, 1952); e da novela de Fernando Namora *Escenas de la vida de un médico* (Noguer, Barcelona, 1954), que leva un prólogo de Gregorio Marañón.

Por outra parte, desde que en 1946 realizara a súa primeira viaxe a Portugal, non deixan de sucederse as visitas profesionais ao país veciño ao longo dos anos cincuenta e sesenta. Mais cómpre lembrar tamén a súa estancia de seis meses no Brasil en 1954, durante a etapa crucial na que tivo lugar o suicidio de Getulio Vargas. Cando fixo esta viaxe, na que mantivo importantes contactos cos escritores brasileiros (entre eles, Bandeira e Drummond aos que traducira), a autora xa se tiña aproximado á cultura e, sobre todo, á literatura brasileiras a través das obras antes citadas e da traducción da «Historia de la literatura Brasileña» de Osvaldo Orico inserta na *Historia de la Literatura Universal* (1946) dirixida por Ciríaco Pérez Bustamante. Máis adiante traducirá tamén, en edición con notas propias, dous libros de temática literaria e histórica, respectivamente: *Pequeña historia de la Literatura Brasileña* (Cultura Hispánica, Madrid, 1958) de José Osório de Oliveira e *Bandeirantes y pioneiros* (Cultura Hispánica, Madrid, 1965) de Viana Woog.

Se durante a década dos corenta e comezos dos cincuenta compartía as actividades universitarias, de traducción e traballo bibliotecario coa da creación poética, esta última vai esmorecendo pouco a pouco coa propia década dos cincuenta, esquecida fronte a outras máis urxentes tarefas profesionais e vitais e apagada quizais por un excesivo pudor íntimo. Efectivamente, xa foi apuntado o incremento da dedicación científica e profesoral nestes anos, ao que cómpre engadir as novas angueiras derivadas do nacemento da súa única filla, Pomba, e máis tarde os atrancos acarreados por unha longa e complicada separación matrimonial que durará de 1962 a 1974. Desta maneira fica sen publicar un libro de poemas para o que estaban preparadas xa as ilustracións feitas polo pintor belga Robert Degenève. No sucesivo, esta veta creativa concentraraa na traducción literaria, exercicio de recreación lingüística que na autora vai moito máis alá da mera traslación literal. Non obstante, fican mostras da súa obra poética recollidas na escolma *Poesía femenina española viviente* (Arquero, Madrid, 1954) de Carmen Conde, logo reeditada como *Poesía femenina española (1939-1950)* (Bruguera, Barcelona, 1967). Carmen Conde antologa oito poemas da autora: «Exhortación», «La infancia de él», «Su voz», «Boto» (encabezado por unha cita dunha canción popular brasileira), «Fatalidad», «Poza», «Morir con la vida en los brazos» e «Para mañana» (Conde 1954: 397-407).

Tamén encontramos referencias na *Historia y antología de la poesía española* (1967) de Federico Saínz de Robles. Este crítico agrupa ás poetas da época baixo unha mesma caracterización xeral:

> La poesía española actual cuenta con una magnífica provisión de poetisas. Como ha observado Díaz-Plaja, casi todas ellas pueden quedar calificadas dentro del grupo de su lírica intimista y sentimental. Algunas -muy pocas- refugian su cálida intimidad en un superrealismo tan audaz como fervoroso», (Saínz de Robles I 1967: 252).

E cualifica a obra da nosa autora de «íntima, delicada y grácil» (Ibidem: 253).

Pero temos, ademais, diversos testemuños históricos do recoñecemento á súa figura de escritora dentro do ambiente literario da época, entre os que sobresaen os recitais dados no Centro Galego de Madrid, en ocasións tan significativas coma na celebración do centenario do nacemento de Emilia Pardo Bazán (1951) ou na homenaxe a Rosalía de Castro (1953).

Este último acto dedicado a Rosalía é especialmente representativo dos valores literarios dominantes na época no que atinxe aos compoñentes de feminidade e galeguidade pois a celebración converteuse nunha homenaxe á creatividade das mulleres de Galicia materializada en tres autoras: Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e a escritora que nos ocupa. A iniciativa partiu de Dionisio Gamallo Fierros e a ela sumouse unha boa parte da intelectualidade da época, desde Ramón Menéndez Pidal a Ramón Cabanillas, pasando por Azorín, Dámaso Alonso, Vicente Aleixandre, Gerardo Diego, Eugenio D'Ors, Wenceslao Fernández Flórez, Leopoldo Panero, Camilo José Cela, Eugenio Montes ou Juan Rof Carballo. Polo seu especial interese transcribo o poema «Canción para cuatro poetisas» de José García Nieto que foi lido polo propio autor no transcurso da cerimonia:

> Pura Luz y Pilar
> tres gracias de una ría,
> tres versos de un cantar.
> Y el cuarto... Rosalía.
>
> Corre, que llegas tarde...
> Llega tarde la loca,
> con la canción que arde
> dulcemente en su boca.
>
> Una pura delicia,
> una luz en el mar
> y un crucero en Galicia
> sobre un firme Pilar.
>
> Pura pilar, luz pura,
> pilar de luz. Y danza
> buscando cuadratura
> toda la adivinanza.
>
> Tres provincias gallegas
> para la poesía.
> ¡Pura, Luz, Pilar...! Llega
> la cuarta, Rosalía.
>
> Tres eran tres: Un pozo
> de luz, luego un pilar
> y Pura un puro gozo
> de verso sin cortar.
>
> Piedra dulce y mojada
> tenue luz, tierra muda
> y la pureza anclada
> de la hierba menuda.
>
> Para los cuatro vientos
> tres voces este día;
> el cuarto en los acentos
> se llama Rosalía. (Blanco 1995b: 151-152)

Á parte dos escritores galegos citados cómpre lembrar que durante os anos cincuenta mantivo xa contactos cos sectores galeguistas daquela aglutinados basicamente en torno a Ramón Piñeiro, por quen veu a Santiago de Compostela en 1952 para dar un curso de dúas conferencias sobre a literatura brasileira e puido coñecer autores novos coma o poeta Manuel María co que chegará a establecer unha grande amizade. O autor de *Terra Cha* deu a súa impresión deste encontro en Compostela e as súas palabras resultan moi interesantes en relación cos prototipos xenéricos:

> Pilar daquela era unha rapaza moi graciosa, moi delgadiña, cuns ollos azuis moi bonitos, moi expresivos... Eu fun a unhas conferencias que deu na Universide sobre a poesía brasileira, e despois paseamos xuntos pola Ferradura. Lembro que ela vestía de branco. Eu estaba asombrado da súa sabiduría e mesmo do seu encanto persoal. En min, entón, saía o paspán de Outeiro de Rei, que se preguntaba: «¿Que pensará de min esta señorita tan fina, tan elegante e que sabe tanto?» (del Caño 1990: 37).

Con posterioridade, a autora prologará o libro do poeta chairego *O camiño é unha nostalxa* (Arracada, A Coruña, 1985).

Ademais, en 1954 participa na Homenaxe a Teixeira de Pascoaes organizada polo Centro Galego de Madrid, á que asisten entre outros Ramón Otero Pedrayo, Xosé Ramón Fernández Oxea, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero e Gamallo Fierros. Nese mesmo ano toma contacto coa emigración e pronuncia unha conferencia sobre «La mujer en la poesía gallega» no Centro Galego de Montevideo.

E entre as moitas viaxes que realiza nesta época para asistir a congresos e simposios cómpre sinalar, en relación coa cultura galega, a súa presencia no IV Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros celebrado na Universidade de Harvard e na de Columbia, no que presidiu a Sesión Galega, presentou a Ramón Piñeiro e coñeceu a Emilio González López e Ernesto Guerra Da Cal. Na revista *Grial* recolleuse unha reseña deste VI Coloquio Internacional no que houbo por primeira vez unha participación galega (*Grial* 14: 511).

Así mesmo, a estancia esporádica en Galicia por motivos culturais volve repetirse en 1967 cando vén dar a conferencia «Los gallegos y las relaciones hispano-portuguesas del siglo XIX» na inauguración do Curso Hispano-portugués celebrado nese ano na Coruña.

De Madrid a Salamanca

Os anos setenta transcorren entre Madrid e Salamanca, pois na universidade madrileña continúa como Adxunta desde 1973 ata 1976 e na salmantina ten primeiro a súa Agregaduría, desde a última data a 1982, e a continuación a Cátedra, ata 1988. Estes son anos nos que se consolida o seu estatus universitario, así como o de divulgadora da cultura da área lingüística galego-portuguesa e de mediadora nas relacións literarias ibéricas e nos contactos hispanolusos deste mesmo signo. De feito, a nosa autora ocupou a primeira Agregaduría de Portugués, así coma a primeira Cátedra da mesma materia, que houbo no Estado e, se con anterioridade xa viña participando nos máis diversos congresos estatais e internacionais relacionados coa lusofonía, a partir deste momento incrementa a importancia da súa presencia neses foros intelectuais.

Durante esta etapa madrileño-salmantina continúa desenvolvéndose a súa obra lusitanista. No campo da lingua destaca a publicación da 3ª edición da *Gramática Portuguesa* (Gredos, Madrid, 1971); a obra aparece agora en dous volumes e moi aumentada con respecto ás anteriores; e en 1980 será traducida ao portugués: *Gramática Portuguesa* (Ediçoes 70, Lisboa, 1980).

No terreo da traducción e da edición cómpre lembrar *La poesía portuguesa actual* (Editora Nacional, Madrid, 1976), unha antoloxía que vai desde Fernando Pessoa ata Eugénio de Andrade e inclúe ademais a Mario de Sa-Carneiro, José de Almada Negreiros, José Régio, Adolfo Casais Monteiro, Miguel Torga, Vitorino Nemesio, José Gomes Ferreira, Joaquim Namorado, Joao José Cochofel, Carlos de Oliveira, Ruy Cinatti, Jorge de Sena e Sophia de Melllo Breyner. Así mesmo destaca a súa colaboración na *Antología-clave de la poesía afroamericana* (Alcalá, Madrid, 1978) de Armando González López con versións de Jorge de Lima, Raul Bopp e Castro Alves. Publica ademais unha nova traducción introducida e anotada de Torga, *Poemas Ibéricos* (Cultura Hispánica, Madrid, 1984), e a traducción *Escrito en la carne* (Edición de Autor, Río de Janeiro, 1984) do brasileiro Cláudio Murilo.

As relacións lingüísticas e literarias entre España e Portugal vistas no seu contexto histórico, que xa foran en parte obxecto da súa tese doutoral, volven ocupar á escritora en dous libros clave, centrados respectivamente na España en crise de finais do XIX e no Portugal colonizado dunha etapa dos séculos XVI-XVII: *España ante o Ultimatum* (Livros Horizonte, Lisboa, 1975) e *A Lingua e a Cultura Portuguesas no Tempo dos Filipes* (Publicaçoes Europa-América, Lisboa, 1988), unha traducción realizada por Mário Matos e Lemos de «La lengua y la cultura portuguesa en el siglo del Quijote», a contribución da autora ao volume XXVI-II, *El Siglo del Quijote* (Espasa Calpe, Madrid, 1986) da *Historia de España* dirixida por Ramón Menéndez Pidal.

Por outra parte, en varios traballos desta época percibimos unha preocupación especial polos problemas sociolingüísticos e polas cuestións relacionadas cos fenómenos de normalización e normativización, especialmente os que afectan ao ámbito da área filolóxica galego-portuguesa. Así ocorre, por exemplo, nas innovacións aparecidas na terceira edición da citada *Gramática Portuguesa*, no libro antes aludido *A Lingua e a Cultura Portuguesa no Tempo dos Filipes* e noutros estudios coma «Contextos coloniais e loita lingüística. O exemplo de Puerto Rico» publicado na obra colectiva de Lluis V. Aracil e outros, *Problemática das línguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas* (Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Ourense, 1980). En todos estes escritos encontramos aproximacións a situacións lingüísticas problemáticas coma as producidas en Galicia, no Portugal da Idade Moderna ou en Puerto Rico, entre o castelán e o galego, o castelán e o portugués e o inglés e o castelán, respectivamente, así coma apuntamentos relativos ás distintas variedades xeográficas (europeas, americanas, africanas e asiáticas) do dominio lingüístico galego-portugués.

Ademais, neste mesmo período aparece un novo tema de interese na obra da escritora, a cultura galega, ao que se aproximou nun primeiro momento debido á asignatura de Literatura Galega que impartiu na universidade madrileña de 1970 a 1976 e ao que se dedicou con posterioridade en Salamanca.

Efectivamente, na universidade salmantina deu distintos cursos de doutoramento sobre a materia: «La literatura gallega actual» (1976-1977), «Poesía gallega moderna» (1978-1979), «La narrativa gallega contemporánea» (1979-1980), «La literatura gallega de postguerra» (1979-1980), «Las relaciones con Portugal de la *Xeneración Nós*» (1984-1985), «Rosalía de Castro, poeta y novelista» (1985-1986) e «Castelao escritor y político» (1986-1987). E organizou ademais diversas xornadas en torno á literatura e á cultura de Galicia; entre estas actividades galeguistas cómpre lembrar as «IV Jornadas de Cultura

Gallega» (1977, en colaboración co Grupo de Estudantes Galegos da Universidade de Salamanca), con reicitais de Manuel María e Celso Emilio Ferreiro e conferencias de Carlos Casares e Xosé Luís Méndez Ferrín; a mesa redonda en conmemoración do Día das Letras Galegas, sobre «Normalización, oficialización e ensino do galego» (1977), con intervencións da propia Pilar e de Antón Costa; as «V Jornadas de Literatura Galega Contemporánea» (1977-78, tamén en colaboración co citado grupo estudiantil), nas que disertaron Lois Diéguez, Margarita Ledo Andión e Eduardo Blanco Amor; o «I Ciclo de Teatro Galego-Portugués» (1978), con conferencias por parte galega de Manuel María, Daniel Cortezón e Manuel Lourenzo; o ciclo «Os Fundamentos da Galiza Actual» (1978-1979, en colaboración co grupo devandito), no que interviron Ramón Villares, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Francisco Rodríguez; e outras dúas conferencias de Pilar pronunciadas no Ateneo coma celebración do Día das Letras Galegas, «A língua como instrumento de dominación» (1979) e «O centenário de *Follas Novas* e *Aires da miña terra*» (1980).

Así mesmo, unha vez comezada a década dos setenta intensificou a súa relación coas escritoras e os escritores galegos, co nacionalismo e con Galicia, a onde veu frecuentemente para dar conferencias ou participar en congresos sobre a lingua e a literatura do país.

Mais con anterioridade xa foran alumnos seus na universidade madrileña escritores coma Bernardino Graña, Ramón Lorenzo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xavier Carro, Francisco Rodríguez, Xavier Rodríguez Baixeras ou Henrique Harguindey, e mantivera contactos tamén en Madrid con moitas outras personalidades, entre as que se encontraban Xosé Mª Díaz Castro, Antonio Tovar, Celso Emilio Ferreiro, Pura Vázquez e Luz Pozo. Coma dato significativo podemos apuntar que Pura Vázquez xa asistira á cea que se celebrara no Centro Galego coma despedida do primeiro curso de Literatura Galega impartido na universidade madrileña pola nosa autora (*Faro de Vigo*, 17-VI-71).

Por outra parte, as relacións co nacionalismo e con Galicia intensificadas durante os anos setenta levan á autora ao cultivo da lingua galega. E así o 18 de maio de 1974 en Ourense pronuncia a súa primeira conferencia en galego que versou precisamente sobre «Presente e futuro da lingua galega» e foi organizada pola Agrupación Cultural Auriense.

De todos os xeitos xa tiña tratado, en castelán e a fins dos anos sesenta, sobre a problemática situación da nosa lingua dentro dos estudios de filoloxía románica, no artigo de 1967 titulado «A propósito de la gramática gallega de Carballo Calero» (*Grial* 16: 192-196), e sobre un aspecto relacionado dalgunha maneira coa literatura galega, no traballo de 1968 «Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez: poesías perdidas y nuevamente halladas» (*Grial* 20: 149-161). Tamén tiña levado en 1971 ao XIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes celebrado en Québec unha comunicación sobre as «Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano», logo publicada no segundo volume das correspondentes *Actes* (Québec, 1976) e tiña colaborado na *Gran Enciclopedia Rialp* (Rialp, Madrid, 1965-1975) cos apartados «Galicia: Lengua» e «Gallego-Portuguesa: Lengua y Literatura».

Mais en 1974 publica xa en galego na revista *Grial* un estudio sobre «Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum» (*Grial* 46: 385-425), ao que seguirá máis tarde no mesmo medio a presentación e exhumación de «A correspondencia de Vicente Risco con Teixeira de Pascoaes» (*Grial* 86: 459-468), dúas mostras do que será a súa aproximación ao estudio das relacións entre Galicia e Portugal, tan importantes dentro do galeguismo e do nacionalismo.

Nesta mesma liña galaicista cómpre destacar especialmente a «Literatura Gallega», amplo panorama xeral histórico e crítico das nosas letras que apareceu editado no volume coordinado por José María Díez Borque *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas* (Taurus, Madrid, 1980). Xunto a esa historia aparecen outros traballos máis específicos coma «Cartas inéditas de Castelao a Teixeira de Pascoaes» (*A Nosa Terra* 116); «Cunqueiro e o bilingüismo» no monográfico *O Mundo de Cunqueiro* (*A Nosa Terra* Extra 2, 1984); «O campesiño galego en Castelao» no volume das *Actes du Colloque Les campagnes portugaises de 1870 a 1930: Image et réalité* (Fondation Calouste Gulbenkian, Paris, 1985); «A recepción de Rosalía en Portugal» nas *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (Consello da Cultura Galega - Universidade de Santigo, Santiago de Compostela, 1986, Vol. 3) ou «A literatura galega no século XX ou á conquista de novos campos de expresión literária» no volume colectivo de Ricardo Carballo Calero e outros *A nosa literatura: Unha interpretación para hoxe I* (A. C. Alexandre Bóveda, A Coruña, 1988).

Nesta época actúa tamén coma divulgadora da cultura galega no marco estatal e máis alá dos límites do Estado. Así, ten dado a coñecer a nosa literatura en Portugal no ciclo de conferencias do ano 1982, pronunciadas en Lisboa e Porto, sobre a «Problemática da Literatura Galega» e «A Poesía Galega Actual»; os actos de Lisboa tiveron lugar na Sociedade Portuguesa de Autores e os de Porto na Cooperativa Arvore; en ambas cidades a conferencia sobre a poesía ía acompañada dun recital no que interviron os escritores Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín e Claudio Rodríguez Fer. Da mesma maneira, en 1984 tivo lugar na Universidade de Aveiro unha nova conferencia sobre «A literatura Galega Actual».

Igualmente, desde que a comezos dos setenta acude ao XIII Congrès Internacional de Linguistique et Philologie Romanes de Québec cun tema de sociolingüística galega, alternará nestes encontros internacionais a temática propia da nosa cultura coa da filoloxía galego-portuguesa. De feito, ten asistido ao XVI Congrés Internacional de Linguistica i Filologia Romaniques da cidade de Mallorca en 1980, coa comunicación

«Sobor da Ortografia Galega»; ao I Simposio Internacional sobre «El traductor y la traducción» celebrado en Madrid en 1980, con «Problemas da traducción dunha língua imperfeitamente normativizada: o caso galego»; ao I Encontro Galaico-Portugués da Casa de Mateus en Vila-Real en 1980, con «Relacións entre galego e portugués»; ás I Jornadas para Professores de Língua Portuguesa e Literatura Brasileira das Universidades Europeias celebradas en Madrid en 1981, co «Informe social encol da literatura galega contemporánea»; ao IX Coloquio Internacional de la «Association Internationale des Critiques Littéraires» que tamén tivo lugar en Madrid en 1981, con «Quelques réflexions sur l'isolement international de la littérature galicienne»; ao IV Congrès de la Societé Française des Lusitanistes de l'Enseignement Supérieur en Limoges nese mesmo ano, coa «Problemática actual da literatura galega»; ao V Congrès de la Société Française devandita celebrado en Aix-en Provence en 1982, con «O campesiño galego en Castelao»; ao Congrresso sobre A Situaçao actual da Língua Portuguesa no Mundo que tivo lugar na Universidade de Lisboa en 1983, coa «Situación e perspectivas do galego»; ao XVII Coungres Internaciounau de Linguistico e Filoulougio roumanos de 1983 en Aix-en Provence, con «Encol dos problemas do galego: a atitude cara a língua dos seus escritores»; ou ao Congrès International Paris et le phenomène des Capitales littéraires: Carrefour ou dialogue des Cultures celebrado na Sorbonne en 1984, coa comunicación «Buenos Aires capital literaria de Galicia en el silencio de la postguerra española».

Volta a Galicia

En 1988 volve finalmente a Galicia cando se crea a Cátedra de Portugués na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela que detentará ata a súa xubilación en 1991, momento en que é nomeada Profesora Emérita, polo que ao ano seguinte lle é imposta a insignia de ouro desta universidade. E así, volve ser pioneira, agora na súa terra, ao ocupar a primeira Cátedra de Portugués de Galicia e ser a primeira Emérita da Universidade compostelana.

Este período galaico é continuación natural do anterior coa diferencia de que a nova ubicación en Galicia vai integrar á escritora máis directamente na vida cultural do país, multiplicando a súa presencia nos máis diversos actos culturais, ao tempo que propicia un contexto máis idóneo para a súa tarefa de potenciar e desenvolver as relación culturais galego-portuguesas.

De feito, nestes anos organizou en Santiago ciclos de narrativa, poesía e cine portugueses actuais, tal como fixera con anterioridade en Salamanca. E desta maneira celebráronse en Compostela as seguintes xornadas sobre a cultura lusa: «Ciclo de romancistas portugueses. Eu e os meus libros: os diferentes caminhos da criaçao literária» (1989) no que interviron Mário Cláudio, Agustina Bessa Luís, António Rebordao Navarro, Augusto Abelaira, Almeida Faria e José Saramago; «Cine portugués dos 80» (1989, en colaboración coa Aula de Cine da Universidade de Santiago) coa proxección de *Os Canibais* de M. de Oliveira, *O lugar do morto* de A. P. Vasconcelos, *A muller do próximo* de J. Fonseca e Costa e *Agosto* de J. Silva Melo; conferencias do brasileiro António Olinto e a portuguesa Olga Gonçalves sobre as súas respectivas obras (1989); e o ciclo «Tertulias coa Poesía Portuguesa Actual» (1990) coa participación de Egito Gonçalves, Ernesto de Melo Castro, Pedro Tamen, Natália Correia, David Mourao Ferreira e Eugénio de Andrade.

Estas xornadas interculturais luso-galaicas culminaron no Encontro de Escritores Galegos e Portugueses en Compostela celebrado en setembro de 1991, que foi un fito histórico dentro dos intercambios literarios entre Galicia e Portugal. O Encontro fíxose en colaboración co Consello da Cultura Galega, a Universidade de Santiago e a Fundaçao Calouste Gulbenkian, e foi coordenado pola propia Pilar en colaboración con Henrique Monteagudo. Dedicáronse xornadas á poesía, á narrativa, ás mulleres e a literatura e, finalmente, a teatro e xornalismo. Por parte galega, actuaron, como conferenciantes, Claudio Rodríguez Fer, Víctor F. Freixanes e Carmen Blanco; o programa contou tamén coa participación de dezanove escritores máis nas mesas redondas de poesía (Manuel María, Darío Xohán Cabana, Xosé Mª. Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán Vello, Ramiro Fonte), narrativa (Carlos Casares, Alfredo Conde, Xavier Alcalá, Paco Martín, Suso de Toro), mulleres (Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Margarita Ledo Andión, Xela Arias), teatro (Manuel Lourenzo, Damián Villalaín, Eduardo Alonso, Xulio Lago, Anxeles Cuíña) e xornalismo (Francisco Fernández del Riego, Xosé Luís Méndez Ferrín, Luís Álvarez Pousa, Gustavo Luca de Tena, Manuel Rivas). Por parte portuguesa o programa contaba coa intervención, como conferenciantes, de Fernando Pinto do Amaral, Baptista-Bastos e Isabel Allegro de Magalhaes, e, como comunicantes, de vintecatro autores nas mesas redondas de poesía (Pedro Tamen, Egito Gonçalves, Fernando Guimaraes, Luis Miguel Nava e Fernando Luis), narrativa (José Saramago, Joao de Melo, Mário Cláudio, José Manuel Méndes e Manuel Ferreira), mulleres (Ana Hatherley, Wanda Ramos, Maria Velho da Costa, Yvette Centeno, Hélia Correia), teatro (Carlos Porto, Joao Lourenço, Joaquim Benito, José Oliveira Barata, Hélder Costa) e xornalismo (Manuel Ferreira, Baptista-Bastos, Francisco Belard, Tocato Sepúlveda, José Viale Moutinho).

Tamén persiste nesta nova xeira a presencia da autora nos encontros internacionais aos que leva traballos diversos sobre a cultura galega. Podemos lembrar entre eles o Primer Coloquio Ibérico «Las Culturas Peninsulares: Problemas y dimensiones comunes. Modernismo y vanguardia» celebrado en Madrid en 1989, onde leu a ponencia «Identidad nacional y vanguardia literaria en Galicia» e participou na mesa redonda

«Modernismo y vanguardia en los Países Ibéricos: divergencias y convergencias»; o Ciclo Novelistas Galegos de Hoxe organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo da Coruña en 1989, no que impartiu a conferencia «A narrativa galega anterior á Guerra Civil»; ou o Congreso Internacional da Cultura Galega que tivo lugar en Compostela en 1990, no que presentou a ponencia «Relacións entre a cultura galega e a portuguesa».

Igualmente, as publicacións desta etapa aínda aberta continúan as liñas temáticas xa asentadas na anterior: a edición e traducción ao castelán de clásicos portugueses, ao lado do estudio das relación ibéricas (hispano e galego-portuguesas), dos problemas sociolingüísticos e da dialectoloxía portuguesa. Entre estas obras podemos sinalar a edición de *El Mandarín* (Cátedra, Madrid, 1990) de Eça de Queirós e estudios coma «Eça de Queirós e a Espanha» nas *Actes du Colloque international Eça de Queirós et la Culture de son temps* (Fondation Gulbenkian, Paris, 1988), «Cartas de Álvaro Cebreiro a Teixeira de Pascoaes» (*Boletín Galego de Literatura* 4: 87-100), «A pantasma do iberismo no Portugal do século XIX» na *Homenaxe ó Profesor Constantino García* (Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1991, Vol 2), «Portugal e nós» (*A Trabe de ouro* 6: 191-203), «Observaçoes sobre o português de Angola» nas *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Max Niemeyer Verlag, Tübingen, 1992) ou «Antero de Quental iberista?» no libro *Congresso Anteriano Internacional-Actas* (Universidade dos Açores, Ponta Delgada, 1993).

Mais o cume e colofón do seu galaicismo, do seu lusitanismo e especialmente da súa contribución ao diálogo ibérico por enriba das forzadas fronteiras luso-galaicas está ata o momento presente na coordenación dos números 137-138 (Julho-Decembro, 1995) e 139 (Janeiro-Março, 1996) da revista portuguesa *Colóquio / Letras* (Lisboa), publicación editada pola Fundaçao Calouste Gulbenkian que sempre tratou de manter unhas estreitas relacións coa cultura galaica. Este proxecto, que tivo a súa orixe no citado Encontro de Escritores Galegos e Portugueses en Compostela, foi realizado en colaboración coa súa directora-adxunta Joana Morais Varela, cun esmerado coidado no deseño que inclúe numerosas fografías e debuxos dentro do marco unificador creado polas ilustracións de Luís Seoane. O conxunto da obra leva por título *Nós: A literatura galega* e consta de dous volumes. O primeiro contén catorce artigos e oito notas que tracexan un panorama xeral da escrita galega, con especial atención á literatura e ao seu contexto histórico, lingüístico e ideolóxico, e vai encabezado por un artigo da coordenadora sobre as diferentes actitudes de Portugal e Galicia con respecto ás súas relacións, nas que destaca, tal como o título indica, «Portugal-Galicia, Galicia-Portugal. Un diálogo asimétrico», a lusofilia galeguista fronte ao descoñecemento da galeguidade por parte portuguesa ata datas moi recentes, coa excepción de figuras como Viale Moutinho. O segundo volume é todo el da autoría de Pilar e conforma unha antoloxía de dez personalidades clásicas da nosa literatura contemporánea (Pondal, Rosalía, Curros, Cabanillas, Castelao, Otero, Blanco-Amor, Seoane, Cunqueiro e Celso Emilio), introducidas polas súas correspondentes semblanzas; a escolma complétase cunha separata en portugués para facilitar o acceso directo das xentes desa fala á lingua de Galicia, titulada «O que um falante de português deve saber acerca do galego» e que leva unha síntese da historia externa da nosa lingua, unha relación das principais diferencias lingüísticas galego-portuesas e un glosario.

Como consecuencia de todo ese labor a metade da década dos noventa a profesora e escritora verase recoñecida institucionalmente coa concesión en 1996 da medalla Castelao.

Da galeguidade e do universalismo

Este percorrido pola biobliografía de Pilar Vázquez Cuesta pon de manifesto a traxectoria profesional dunha galega universitaria atraída polo lusitanismo do que foi consolidadora pioneira dentro do marco estatal. Mais esta lusofilia tiña a súa raíz, por unha banda, na súa orixe galega, e, por outra, nunha vocación universalista, relacionadas ambas coa feminina xinea universitaria da súa familia materna e coa veta galeguista liberal da liña paterna.

E foi ese gusto polo exótico o que a levou a especializarse no estudio dunha lingua que tiña enclaves en catro continentes e estaba en contacto con culturas ben distintas da dominante occidental. Este interese polo diverso foi tamén o que alentou a súa constante afección polas viaxes que cultivou, na medida das posibilidades, ao longo de toda a súa vida adulta, orientándoa especialmente cara as culturas árabes e orientais, sen esquecer os estados socialistas (Romanía, Checoslovaquía, Iugoslavia, Polonia, U.R.S.S. ou Cuba), aos que desde os anos sesenta realizou diversas visitas profesionais.

Pero foi aquela raigame galaica a que desde o mundo da lusofonía a levou ao galaicismo, ao galeguismo e á volta definitiva a Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO GIRGADO, Luís (dir.), *Posío. Edición Facsímile*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.

ALONSO MONTERO, Xesús (ed.), *Cales Riba e Galicia*, Galaxia, Vigo, 1993.

BARRERA PEÑA, María Luísa e LÓPEZ PEÑA, Ana, *Socilogía de la mujer en la universidad: Análisis histórico-comparativo, 1900-1981*, Universidad de Santiago de Compostela, Santiago, 1983.

BLANCO, Carmen, *Literatura galega da muller*, Xerais, Vigo, 1991.

—, «Introducción», en Pozo Garza, Luz, *Códice Calixtino*, Xerais, Vigo, 1991.

—, «*Códice Calixtino* de Luz Pozo Garza», en VV. AA., *Literatura galega do século XX. Comentarios de textos para C.O.U.*, Galaxia, Vigo, 1992, pp. 93-109.

—, *Libros de mulleres. (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)*, do Cumio, Vigo, 1994.

—, *Mulleres e independencia*, do Castro, Vigo, 1995.

—, *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Xerais, Vigo, 1995.

—, «Mujer, exilio y emigración: La casa soñada», en Albert Robatto, Matilde (coord.), *Jornadas de la emigración gallega a Puerto Rico*, en prensa.

CAMPIO PEREIRA, Víctor, «Limiar», en Vázquez, Pura, *A carón de min*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994, pp. 7-11.

CAÑO, Xosé M. del, *Conversas con Manuel María*, Xerais, Vigo, 1990.

CAPEL MARTÍNEZ, Rosa María, *El trabajo y la educación de la mujer en España (1900-1930)*, Instituto de la Mujer, Madrid, 1986

CARBALLO CALERO, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1975, 2ª ed.

CONDE, Carmen, *Poesía femenina española viviente*, El Arquero, Madrid, 1954.

MARCH, Kathleen N., «Vázquez Iglesias, Pura», en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 29, Xixón-Santiago de Compostela, 1974, pp. 252.

—, *Festa da palabra silenciada. An Anthology of Contemporary Galician Women Poets*, Peter Lang, New York, 1989.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís, *De Pondal a Novoneyra*, Xerais, Vigo, 1984.

NOIA, María Camino, *Palabra de muller*, Xerais, Vigo, 1992.

POZO GARZA, Luz, «Aquelas aves de outrora», en Alonso Girgado, Luís (ed.), *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994, pp. 13-18.

—, «Encontros con Luís Pimentel», en *Luís Pimentel. Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1990, s.p.

—, *Ondas do mar de Vigo*, Espiral Maior, A Coruña, 1996.

RODRÍGUEZ FER, Claudio, *A literatura galega durante a guerra civil*, Xerais, Vigo, 1994.

SAÍNZ DE ROBLES, Federico Carlos, *Historia y antología de la poesía española*, vol. 1, 5ª ed., Aguilar, Madrid, 1967.

VARELA, Isaura, *La Universidad de Santiago 1900-1936*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1989.

VARELA JACOME, Benito, «Carles Riba na lembranza dos congresistas», en Alonso Montero, Xesús (ed.), *Carles Riba e Galicia*, Galaxia, Vigo, 1993, pp. 125-126.

VAZQUEZ, Pura, «Testimonio poético», *Nordés* 4, 1976.

—, «Carles Riba na lembranza dos congresistas», en Alonso Montero, Xesús (ed.), *Carles Riba e Galicia*, Galaxia, Vigo, 1993, pp. 122-124.

—, «*Posío* no Noroeste», en Alonso Girgado, Luís (dir.), *Posío. Edición Facsímile*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995, pp. 13-16

DORA E PURA VÁZQUEZ

As irmás na Coruña de nenas.

Antes da guerra civil pola rúa en Ourense.

No verán de 1941.

Nos anos cincuenta, antes de marchar Pura a Venezuela.

PURA VÁZQUEZ

En Madrid nos anos cincuenta con Fermín Penzol e Ramón Cabanillas.

En Compostela con Ramón Piñeiro e Ben-cho-sey.

PURA VÁZQUEZ



En 1955 na homenaxe do Centro Galego de Barcelona, coa dona do presidente da entidade e a escritora María Luz Morales.



En Vigo en 1955, na despedida da primeira viaxe a Venezuela cela e o seu pai rodeados por Francisco Leal Insua, Francisco Fernández del Riego, Emilio Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Ramón González Alegre e Xosé María Álvarez Blázquez.

PURA VÁZQUEZ

Na selva de Venezuela.



En Caracas, no *kindergarten* El Libertador de Chacao, en 1956.

PURA VÁZQUEZ

Na oficina da Escola de Periodismo da Universidad Central de Venezuela a finais dos cincuenta.

Con Dora nunha visita a Gala Murguía en 1960, o día do seu 87 cumpreanos.

PURA VÁZQUEZ

De pé entre Carmen Conde e Carmen González Mas.

PURA VÁZQUEZ

rid co seu marido, Manuel Batanero, o día da voda en febreiro de 1975.